| | tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa | ▪ B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes | ▪ LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a | ▪ CCL<br>▪ CAA | 1ª/2ª/3ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | integrada. | coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | | |
| | Bloque 4. Lingua e sociedade | | | | |
| ▪ ñ | ▪ B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. | ▪ B4.1. Valorar as linguas como medios de | ▪ LGB4.1.1. Valora a lingua como | ▪ CCL | 1ª/2ª/3ª |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ o | ▪ B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.<br>▪ B4.3. A lusofonía. | relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran. | instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. | | avaliación |
| | | | ▪ LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 2ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | ▪ LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 2ª avaliación |
| | | | ▪ LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración. | ▪ CCL | 2ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | ▪ LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 2ª avaliación |
| | | | ▪ LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD | 1ª/2ª/3ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.4. Situación sociolingüística do galego. | ▪ B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno. | ▪ LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. | ▪ CCL | 2ª avaliación |
| | | | ▪ LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos. | ▪ CCL | 2ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | ▪ B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. | ▪ LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1ª/2ª/3ª avaliación |
| | | | ▪ LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1ª/2ª/3ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ ñ.<br>▪ o. | ▪ B4.6. Situación legal das linguas do Estado español. | ▪ B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español. | ▪ LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1ª avaliación |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.7. Prexuízos lingüísticos. | ▪ B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | ▪ LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ ñ<br>▪ o | ▪ B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. | ▪ B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia. | ▪ LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. | ▪ CCL | 3ª avaliación |
| | | | ▪ LGB4.6.2. Analiza a súa práctica lingüística e identifica nela os trazos propios da xerga estudantil. | ▪ CCL | 3ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | | | ▪ LGB4.6.3. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora. | ▪ CCL | 1ª/2ª/3ª avaliación |
| | | | ▪ LGB4.6.4. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona. | ▪ CCL<br>▪ CSC | 1ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | Bloque 5. Educación literaria | | | | |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.1. Lectura, con regularidade, de obras literarias e desenvolvemento dun criterio lector; emisión dunha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relación do seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos | ▪ B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e | ▪ LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos. | ▪ CCL | 1ª/2ª/3ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | adquiridos e valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe. | o uso estético da linguaxe. | ▪ LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios. | ▪ CCL | 1ª/2ª/3ª avaliación |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.2. Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais | ▪ B5.2. Ler expresiva e comprensivamente e facer audicións de poemas recitados ou cantados, determinar o tema principal, a estrutura xeral e pór de relevo os principais recursos estilísticos. | ▪ LGLB5.2.1. Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos | ▪ CCL | 1ª/2ª/3ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | recursos estilísticos. | | estilísticos. | | |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.3. Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | ▪ B5.3. Ler expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | ▪ LGLB5.3.1. Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves, localiza e describe os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais. | ▪ CCL | 1ª/2ª/3ª avaliación |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.4. Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | ▪ B5.4. Ler dramatizada e comprensivamente, visionar pezas teatrais e recoñecer os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | ▪ LGLB5.4.1. Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros. | ▪ CCL | 1ª/2ª/3ª avaliación |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.5. Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto | ▪ B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | ▪ LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | ▪ CCL | 1ª/2ª/3ª avaliación |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| | estruturais coma formais. | | ▪ LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. | ▪ CCL | 1ª/2ª/3ª avaliación |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.6. Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | ▪ B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | ▪ LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos. | ▪ CCL | 1ª/2ª/3ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ h<br>▪ l<br>▪ n | ▪ B5.7. Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | ▪ B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | ▪ LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 1ª/2ª/3ª avaliación |
| ▪ h<br>▪ l | ▪ B5.8. Descrición e caracterización dos trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | ▪ B5.8. Describir e caracterizar os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | ▪ LGLB5.8.1. Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da linguaxe cinematográfica. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 1ª/2ª/3ª avaliación |

| | Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Temporalización |
| ▪ n | | | ▪ LGB5.8.2. Identifica e describe os principais trazos da linguaxe cinematográfica nunha ou varias secuencias fílmicas. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | 1ª/2ª/3ª avaliación |
| ▪ e<br>▪ h<br>▪ l | ▪ B5.9. Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | ▪ B5.9. Servirse, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | ▪ LGLB5.9.1. Sérvese, seguindo unhas pautas orientadoras, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes. | ▪ CCL<br>▪ CD | 1ª/2ª/3ª avaliación |

6. METODOLOXÍA

A ensinanza das linguas, segundo a LOMCE, pretende achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para desenvolverse satisfactoria e eficazmente en calquera situación de comunicación da vida privada, social e profesional. A materia de Lingua galega e literatura persegue o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

De acordo con isto, para responder a este reto propoñemos unha metodoloxía focalizada no desenvolvemento das competencias clave, como xa aludimos noutros puntos desta programación. Para cumprir este propósito coidamos imprescindible:

- Favorecer o traballo e a actualización dos coñecementos previos. Isto levarase a cabo a través da realización de actividades de reforzo e ampliación dos diferentes contidos.
- Facilitar a comprensión e a produción de textos orais, escritos e audiovisuais.
- Levar a cabo actividades diversificadas e organizadas por niveis de dificultade que contemplen tanto o cultivo das diferentes competencias, como o traballo desde a perspectiva das intelixencias múltiples.
- Promover o emprego das TIC, sobre todo a partir da utilización da aula virtual da materia e da creación de materiais audiovisuais.

Nalgúns aspectos da materia, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, consideramos que a metodoloxía do traballo cooperativo é fundamental para o adestramento das habilidades sociais básicas e do enriquecemento persoal dende a diversidade. Nese sentido, o traballo cooperativo propicia a creación dun clima adecuado para a autoavaliación e a coavaliación e constitúe unha plataforma inmellorable para adquirir competencias en comunicación lingüística, que son as que vertebran a materia de Lingua galega e literatura.

Este curso 2021-2022, dada a situación sanitaria actual, traballar desde a perspectiva cooperativa vese dificultado pola preservación do distanciamento social que nos indica a *Resolución do 1 de setembro de 2021, das Consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Sanidade pola que se aproba o "Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2021-2022".* Por este motivo decidimos centrar a nosa metodoloxía didáctica este curso na participación activa a través de diferentes métodos para propiciar que os discentes cheguen á aprendizaxe por descubrimento en interacción co medio, polo que o noso papel como docente non será o de simple transmisor ou facilitador de coñecementos, senón o de dinamizador de aprendizaxes e experiencias.

Consideramos, xa que logo, que a aprendizaxe que se produza ten que ser significativa. Para acadar esa aprendizaxe significativa é preciso ter en conta a competencia inicial de cada un dos alumnos/as para ir incrementando os contidos de xeito progresivo e nunha orde lóxica. Ademais, pretendemos que a nosa aprendizaxe sexa funcional, que se adapte ás diferentes situacións para resolver un problema determinado.

A respecto da coordinación con outras materias, procuraremos que o traballo que realicemos desde a materia de Lingua galega e literatura sexa interdisciplinar con outras materias, pois moitas das habilidades desta materia son comúns a outras (xestión da información, comprensión de lectura, escoita comprensiva, expresión escrita etc.), polo que o tratamento integrado destes elementos competenciais suporá un mellor aproveitamento do

tempo e redundará en beneficio da aprendizaxe do alumnado. Ademais, a nosa materia traballará en coordinación co EDLG para fomentar o uso da lingua galega entre o noso alumnado.

## 7. METODOLOXÍA EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL

O apartado 6 desta programación didáctica contempla as directrices metodolóxicas que rexerán a materia de Lingua galega e literatura durante o curso 2021-2022. Non obstante, a situación sanitaria actual marcada pola crise da COVID-19 aumenta a necesidade de adaptar as nosas directrices pedagóxicas á aprendizaxe telemática, non presencial, por se así o requirisen as autoridades sanitarias e educativas competentes.

A deriva cara ao ensino telemático implica a reformulación da nosa metodoloxía, actualmente centrada na participación activa, tal e como mencionamos con anterioridade. Nese sentido, apostamos por unha metodoloxía focalizada no desenvolvemento das competencias clave. Esta nova formulación podemos sintetizala nos seguintes puntos:

- O reforzo e a ampliación dos coñecementos previos. Isto levarase a cabo a través da realización de actividades de reforzo e ampliación dos contidos impartidos antes do cese das clases presenciais.
- O fomento do emprego das TIC. Para iso, o alumnado disporá de aulas virtuais de cada materia a través da plataforma Moodle. Ademais, no caso de que o noso alumnado non dispuxese de medios técnicos, o centro, ao abeiro da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, fornecería ordenadores portátiles e conexións a Internet. En consecuencia, a metodoloxía que se desenvolverá contempla sempre a conectividade do noso alumnado.
- A diversificación e a adaptación das actividades por nivel para contemplar as diferentes realidades do noso alumnado e, xa que logo, atender á diversidade.
- O fomento da comunicación telemática entre os diferentes membros da comunidade educativa (alumnado, profesorado e familias), sobre todo a través da plataforma Abalar. En xeral, o equipo docente do IES de Rodeira mantén unha comunicación fluída entre os seus integrantes; polo tanto, levarase un control, tanto por parte dos titores como do profesorado en xeral, das tarefas encomendadas ao alumnado.

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A respecto do uso de materiais e recursos didácticos, suxerimos a combinación de materiais en papel e materiais virtuais, xa sexa de creación propia ou extraída de diferentes fontes. Algúns dos materiais son os seguintes:

- Aula virtual Moodle.
- Procesadores de texto (Microsoft Word, OpenOffice...).
- Programas didácticos (Kahoot, O portal das palabras...).

- Bibliotecas dixitais (Biblioteca Virtual Galega).

- Blogs (Sondepoetas, As verbas do gato mariñeiro...).

- Xornais (Sermos Galiza, GCiencia, Galicia confidencial...).

- Plataformas audiovisuais e redes sociais (YouTube, Twitter, Instagram...).

- Outros materiais: filmes, cancións, xogos físicos e interactivos...

## 9. PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Para desenvolver o proceso avaliativo recorrerase a catro tipos de avaliación:
-Avaliación inicial: realizarase ao comezo de cada bloque de contido co fin de valorar o nivel de coñecemento sobre a materia. Os seus resultados permitirannos establecer a distancia xusta entre o que alumnado sabe e aquilo que lle queremos transmitir.
- A avaliación formativa ou procesual efectuarase a través da observación sistemática da aprendizaxe do grupo. Esta será un indicador esencial para saber a que alumnos e alumnas se lles debe aplicar as actividades de reforzo. Son importantes as actividades realizadas na aula (orais ou escritas, individuais ou en grupo), valorando a participación habitual e tendo en conta os contidos correspondentes a actitudes, valores e normas. Valorarase tamén a realización e presentación oral e escrita de traballos, resumos, esquemas, etc. primando fundamentalmente os contidos de carácter procedemental.
-A avaliación sumativa ou final comprobará o grao de consecución dos obxectivos fixados. Poderase realizar algunha breve proba escrita. A cualificación do alumnado nunca responderá só a esta avaliación final, senón que terá carácter procesual e sumativo e contemplará todo o proceso de aprendizaxe.
En canto aos Instrumentos de avaliación as profesoras de 1º da ESO farán unha avaliación continua do alumnado a través de:
-Observación directa na aula: rexistro dos hábitos de traballo.
- Fichas de observación do grao de adquisición das competencias básicas.
- Valoración dos traballos realizados polo alumnado na clase e na casa.
- Control do caderno do alumnado no que constarán todas as actividades realizadas.
-Probas obxectivas escritas e orais .
- Controlarase o traballo diario mediante rúbricas que marcarán e medirán a elaboración correcta dos diferentes estándares.

Os criterios de cualificación deseñados para este curso distribuiranse tendo en conta as seguintes porcentaxes:
-Expresión oral: 30% da nota
-Comprensión oral: 10% da nota
-Comprensión escrita: 30% da nota
-Expresión escrita: 30 %

Algúns dos instrumentos de avaliación que utilizaremos son os seguintes:

RÚBRICA DE EXPRESIÓN ORAL

| | | MOI BEN | BEN | REGULAR | MAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | **CASTELANISMOS** | Non utiliza ningún castelanismo ao longo da súa exposición. | Utiliza algún castelanismo ao longo da súa exposición. | Utiliza bastantes castelanismos ao longo da súa exposición. | A exposición está inzada de castelanismos desde o comezo ata o final da mesma. |
| | **CONECTORES** | Usa de forma correcta e variada os conectores ao longo da súa exposición. | Utiliza correctamente os conectores ao longo da súa exposición. | Ás veces utiliza correctamente os conectores ao longo da súa exposición. | Non emprega de modo axeitado os conectores desde o comezo ata o final da exposición. |
| | **LÉXICO** | Manexa un amplo vocabulario relacionado co tema exposto. | Emprega un vocabulario suficiente en relación co tema exposto. | Utiliza un vocabulario limitado en relación co tema exposto. | O vocabulario é reiterativo e limitado en relación co tema exposto. |
| | **ORIXINALIDADE** | A exposición é orixinal e precisa no tema tratado. | A exposición é algo orixinal e bastante precisa no tema tratado. | A exposición é pouco orixinal e presenta carencias de precisión no tema tratado. | A exposición é imprecisa e carente de orixinalidade a respecto do tema tratado. |
| | **PRONUNCIA** | Pronuncia as palabras correctamente e vocaliza ben ao longo de toda a exposición. | Pronuncia correctamente pero a vocalización é incorrecta nalgún momentos da exposición. | Comete erros de pronunciación e aínda que a súa vocalización é correcta ao longo da exposición. | Ten erros tanto de pronunciación como de vocalización ao longo de toda a exposición. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | **SECUENCIACIÓN** | A estrutura e a secuenciación da exposición son moi axeitadas. | A estrutura e a secuenciación da exposición son axeitadas. | Comete algúns erros e reiteracións na orde lóxica de exposición das ideas. | A exposición é caótica e estruturalmente presenta erros de secuenciación de contidos. |
| | **TIC** | Manexa diferentes recursos TIC e incorpóraos de maneira eficaz na exposición. | Bota man diferentes recursos TIC e utilízaos bastante ben na exposición. | Utiliza só algúns dos recursos TIC na exposición e non o fai correctamente. | Non emprega ningún dos recursos TIC propostos para a realización da presentación. |
| | LGB1.3.2., LGB1.5.1., LGB1.6.1., LGB1.6.4., LGB1.9.1., LGB1.9.2., LGB1.9.5., LGB3.2.1., LGB3.7.1. | | | | |

RÚBRICA DE EXPRESIÓN ESCRITA

| | | MOI BEN | BEN | REGULAR | MAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | **PRESENTACIÓN** | Os traballos entregados seguiron todos os criterios para a presentación establecidos previamente pola docente. | Os traballos entregados seguiron case todos os criterios para a presentación establecidos previamente pola docente. | Os traballos entregados seguiron algúns dos criterios para a presentación establecidos previamente pola docente. | Os traballos entregados non seguiron ningún dos criterios para a presentación establecidos previamente pola docente. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | EXPRESIÓN | Os traballos entregados presentan moita coherencia e cohesión expresivas e corrección ortográfica e gramatical. | Os traballos entregados presentan coherencia e cohesión expresivas e corrección ortográfica e gramatical. | Os traballos entregados presentan bastante coherencia e cohesión expresivas e algúns erros ortográficos e gramaticais. | Os traballos entregados presentan pouca coherencia e cohesión expresivas e moitos erros ortográficos e gramaticais. |
| | CONTIDOS | Os traballos entregados desenvolven todos os puntos necesarios de contido e estes son relevantes e adecuados. Manexa recursos das TIC e incorpóraos de maneira eficaz. | Os traballos entregados desenvolven bastantes dos puntos necesarios de contido e estes son relevantes e adecuados. Utiliza recursos das TIC e utilízaos bastante ben. | Os traballos entregados desenvolven algúns dos puntos necesarios de contido e algúns son irrelevantes e inadecuados. Utiliza só algúns recursos das TIC e non o fai correctamente. | Os traballos entregados non desenvolven ningún dos puntos necesarios de contido e a maioría son irrelevantes e inadecuados. Non emprega ningún dos recursos TIC propostos para a realización do proxecto. |
| | LGB2.8.6., LGB2.13.1., LGB3.1.1., LGB3.5.1., LGB3.7.1. | | | | |

ESCALA DE OBSERVACIÓN DO ALUMNADO

| | SEMPRE | MOITAS VECES | ALGUNHA VEZ | NUNCA |
|---|---|---|---|---|
| 1. O/a discente recoñece a idea xeral e os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | | | | |
| 2. O/a discente compara o tratamento da mesma noticia nos medios de comunicación e extrae conclusións. | | | | |
| 3. O/a discente desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá e participa en conversas informais nas que intercambia información de diversa índole. | | | | |
| 4. O/a discente reconstrúe o sentido global, identifica as ideas principais e secundarias e establece unha xerarquía dentro delas. | | | | |
| 5. O/a discente procura léxico descoñecido en diferentes fontes. | | | | |
| 6. O/a discente sintetiza e interpreta textos propios da vida cotiá e educativa e busca información para | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ampliar os contidos a través de diferentes recursos (xornais, revistas, libros, Internet...) | | | | |
| 7. O/a discente segue instrucións para realizar tarefas con progresiva autonomía. | | | | |
| 8. O/a discente manifréstase en contra da linguaxe discriminatoria e mantén unha actitude crítica ante prexuízos relixiosos, raciais e sexistas. | | | | |
| 9. O/a discente aplica estratexias de corrección textual, participa na revisión das súas propias producións (e alleas) e acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe. | | | | |
| 10. O/a discente obtén información lingüística en distintos soportes e utiliza as bibliotecas e as TIC para consultar modelos de composición escrita. | | | | |
| 11. O/a discente produce textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos. | | | | |
| 12. O/a discente participa en proxectos relacionados con varias linguas e valora o plurilingüismo como símbolo de riqueza cultural. | | | | |
| 13. O/a discente coñece recursos en rede de lecer en galego adaptados á súa idade. | | | | |
| 14. O/a discente describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado. | | | | |
| 15. O/a discente valora a lingua como medio de comunicación e coñece os antropónimos galegos. | | | | |
| 16. O/a discente coñece as linguas de Galicia e analiza a práctica lingüística propia e valora a importancia de contribuír coa normalización do galego. | | | | |
| 17. O/a discente coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos. | | | | |
| 18. O/a discente usa, se a posúe, a variante dialectal do seu contexto e aprecia as variantes do galego como símbolo de riqueza lingüística e cultural. | | | | |
| 19. O/a discente le obras literarias para desenvolver o criterio lector e distingue textos literarios de textos non literarios. | | | | |
| 20. O/a discente identifica nunha canción ou nun cómic dado os principais trazos definitorios. | | | | |
| 21. O/a discente familiarízase co emprego dos fondos das bibliotecas para a procura de información e a resolución de dúbidas de traballo. | | | | |

## 10. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Ao alumnado que teña a materia de Lingua galega e literatura pendente de 1º ESO proporcionaráselle un boletín de actividades que deberán realizar e entregar segundo as directrices indicadas polo profesorado. Tendo en conta a semellanza entre os contidos de 1º e 2º da ESO, o profesorado irá observando o desenvolvemento académico do alumnado e valorará a consecución dos obxectivos propostos para acadar unha valoración positiva.

O alumnado que non supere os exercicios encomendados deberá presentarse á proba ordinaria (maio) e, dependendo das circunstancias, á extraordinaria (setembro). Estas probas desenvolveranse de xeito presencial se as circunstancias sanitarias o permiten; no caso contrario, realizaranse de xeito telemático.

Ao tratarse dun sistema de aprendizaxe progresivo, o profesorado do curso de referencia valorará e informará á xefatura do departamento da evolución do alumnado que teña a materia suspensa; esta medida poderá servir de axuda, pero non constituirá un eximente para a realización das probas escritas citadas no apartado anterior.

Reproducimos, a continuación, os contidos mínimos esixibles para a superación da materia pendente. Cando un alumno/a teña pendente a materia de Lingua Galega e Literatura, deberá cumprir os seguintes obxectivos para acadar o seu aprobado:

- Comprensión de textos propios da vida cotiá, dos medios de comunicación e do ámbito académico.
- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da estrutura das palabras flexivas e recoñecemento dos seus aspectos morfolóxicos máis precisos para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía.
- Coñecemento xeral da situación das linguas minorizadas e das internacionais, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Comprensión da situación sociolingüística galega en canto a usos e actitudes xerais.
- Observación das principais diferenzas entre as variedades xeográficas da lingua galega.
- Lectura expresiva e comprensiva de poemas  e textos narrativos breves.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A LOMCE sostén que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Consideramos que a avaliación inicial, desenvolta cando o alumnado se incorpora ás nosas aulas, vai facilitar non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe (alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.).
- Coñecer as medidas organizativas que se poidan adoptar: planificación de reforzos dentro e fóra da aula, a configuración de equipos cooperativos que nos permitan prestar máis atención ao alumnado con NEE ou delegar, en determinados momentos, a compañeiros de equipos que exerzan un rol titorizador.
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

Para traballar a diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de intereses e capacidades desde a materia de Lingua galega e literatura abordariamos as seguintes propostas:

- Actividades multinivel: posibilitan que o alumnado atope, a respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axusten ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións. Este tipo de actividades están moi presentes no traballo por proxectos.
- Aplicación da metodoloxía de aprendizaxe cooperativa: as dinámicas de cohesión, as estruturas simples e complexas que se desenvolven a partir desta metodoloxía propicia a integración do alumnado con máis dificultades; así mesmo, desenvolve as habilidades sociais dos alumnos e a súa participación e implicación nas actividades que se desenvolven na aula.
- Adaptacións curriculares: elaboradas ao abeiro do departamento de Orientación. Segundo o tipo de alumnado que precise a adaptación, establécense dous tipos de adaptacións curriculares:
    - Básica: que ten como obxectivo adaptar o currículo segundo as necesidades específicas de cada alumno/a.
    - Ampliación: dirixida ao alumnado con altas capacidades.

Os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios, as actividades de aprendizaxe responden a tipoloxías e agrupamentos variados —favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexíbeis— e gradadas segundo o nivel de dificultade.

Ademais, desde esta materia de 2º ESO adherímonos ás propostas que se poidan realizar a nivel de centro para atender a diversidade da aula, sobre todo, derivadas da implantación da nova lei educativa LOMLOE durante este curso académico. En caso de que non se produza unha iniciativa conxunta, deseñaremos e aplicaremos actividades tanto de reforzo (boletíns de exercicios, prácticas orais e escritas, explicación dos contidos mínimos do curso etc.) como de ampliación (obradoiros de teatro, narrativa e poesía, ciclos de cine etc.). Sobre este asunto, véxase o apartado 11 de "Actividades complementarias e extraescolares" do bloque común da programación do departamento.

## 12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

A LOMCE sinala que é necesario que o alumnado adquira, desde unha idade temperá, elementos transversais a través dos contidos. No artigo 4 do *Decreto 86/2015* e no artigo 6 do *Real Decreto 1105/2014* establécense os elementos transversais que se traballarán na educación secundaria obrigatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas materias de cada etapa. Os elementos transversais que deben traballarse a través da materia de Lingua galega e literatura e do resto das materias son os seguintes:

- Comprensión lectora
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- Tecnoloxías da información e da comunicación
- Emprendemento
- Educación cívica e constitucional

Alén disto, tamén son considerados elementos transversais que cómpre ter en conta no desenvolvemento das aulas os seguintes valores e conceptos:

| | |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

Todos estes aspectos serán tidos en conta en todas as actividades que se desenvolven ao longo do curso. Non obstante, tamén consideramos esenciais para o desenvolvemento do alumnado, como cidadáns e cidadás plenamente conscientes dos seus dereitos e dos seus deberes e como individuos inseridos na nosa sociedade, a presenza doutros elementos transversais non explicitados neste apartado do currículo, aínda que si forman parte, por exemplo, do deseño de competencias; así, procuraremos utilizar materiais que aborden o tratamento da ecoloxía e o respecto polo medio, a educación dos/das consumidores/as, a educación para a saúde, a educación para o lecer e a educación para o desenvolvemento, entendida esta última baixo os preceptos de promoción das actitudes destinadas a desenvolver a solidariedade mundial, a paz, a tolerancia, a xustiza social e a defensa do medio ambiente, perseguindo tanto o desenvolvemento dos individuos como das súas comunidades dun xeito respectuoso.

## 13. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

O alumnado de 2º ESO poderá ler o libro que se adecúe aos seu gusto lector, sempre que sexa apto para a súa idade e haxa consenso coa profesora. O compromiso é que deben ler as 20-25 páxinas iniciais do libro que escollan. A partir de aí, poden seguir lendo ou, no caso de que non lles atraia, poden devolvelo e levar outro. Ademais dedicaremos algunhas sesións á lectura de selección de textos. Recomendaremos a lectura de textos da literatura galega ou traducións da literatura universal que servirán de base para o espallamento da nosa cultura literaria e da cultura universal, así como para mellorar a comprensión e expresión oral e escrita.

## 14. AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

Para avaliarmos o proceso de ensino e da práctica docente, co fin de seguir mellorando no noso exercicio pedagóxico, desde a materia de Lingua galega e literatura tomamos como referencia as seguintes escalas de rango:

| **PROCESO DE ENSINO** | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado? | | | | |
| 2. Conseguiuse motivar ao alumnado para conseguir a súa actividade intelectual e física? | | | | |
| 3. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado? | | | | |
| 4. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado? | | | | |
| 5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado? | | | | |
| 6. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado? | | | | |
| 7. Usáronse distintos instrumentos de avaliación? | | | | |
| 8. Outorgóuselle un peso real á observación do traballo na aula? | | | | |
| 9. Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado dentro do grupo? | | | | |

| **PRÁCTICA DOCENTE** | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| 1. Como práctica común fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2. Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa? | | | | |
| 3. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade? | | | | |
| 4. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas que se traten na aula? | | | | |
| 5. Combínase o traballo individual e en equipo? | | | | |
| 6. Poténcianse estratexias de comprensión e expresión oral? | | | | |
| 7. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe? | | | | |
| 8. Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar? | | | | |
| 9. Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das diferentes probas que realiza? | | | | |
| 10. Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das diferentes probas que realiza? | | | | |
| 11. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus erros? | | | | |
| 12. Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado? | | | | |
| 13. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación... ? | | | | |

## 15. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Para avaliarmos o cumprimento da programación consideraramos os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación ou as causas de non cumprimento, reflexión sobre as posíbeis situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

| ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA | | SI/NON | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| Preparación da clase e os materiais didácticos | Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases. | | |
| | Existe unha distribución temporal equilibrada. | | |
| | Adecúase o desenvolvemento da clase coas características do grupo. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Utilización dunha metodoloxía adecuada | Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. | | |
| | Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.). | | |
| | A metodoloxía inclúe o traballo por competencias. | | |
| Regularización da práctica docente | Grao de seguimento do alumnado. | | |
| | Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. | | |
| Avaliación das aprendizaxes e información que se lles dá aos alumnos e ás familias sobre elas | Os estándares de aprendizaxe avaliables atópanse vinculados ás competencias, contidos e criterios de avaliación. | | |
| | Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas. | | |
| | Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer:<br>- Ao alumnado<br>- Ás familias | | |
| Utilización de medidas para a atención á diversidade | Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe. | | |
| | - Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. | | |

# 4º ESO

RELACIÓN ENTRE OS OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, UNIDADES DO LIBRO DO ALUMNADO, E COMPETENCIAS CLAVE.

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Unidades do libro do alumno | Competencias c |
|---|---|---|---|---|---|
| | Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar. | | | | |
| d<br>e<br>h | B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo. | B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación audiovisual. | LGB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do/da falante. | Unidade 5 | CCL |
| | | | LGB1.1.2. Distingue as partes nas que se estruturan as mensaxes orais, o tema, así como a idea principal e as secundarias. | Unidades 3 , 9 | CCL |
| | | | LGB1.1.3. Analiza criticamente tanto a forma como o contido de noticias, debates e procedentes dos medios de comunicación e recoñece a validez dos argumentos. | Unidades 5, 8, 9, 10 | CCL<br>CAA |
| d<br>e | B1.2. Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación | B1.2. Comprender e analizar textos expositivos e | LGB1.2.1. Distingue entre opinión e persuasión en | Unidades 6, 10 | CCL<br>CAA |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Unidades do libro do alumno | Competencias c |
|---|---|---|---|---|---|
| h | audiovisual. | publicitarios, diferenciar neles información, opinión e persuasión. | mensaxes publicitarias orais e identifica as estratexias de enfatización. | | |
| | | | LGB1.2.2. Analiza os elementos verbais dos textos orais: no plano fónico (xogos fónicos), no plano morfosintáctico (condensación, concisión e economía) e no plano léxico-semántico (léxico connotativo, simbólico e atractivo para o receptor). | Unidades 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12, 13,14,15 | CCL<br>CSEIEE |
| | | | LGB1.2.3. Analiza os elementos non verbais, en especial a imaxe (mensaxe icónica) e o son (diálogo, ruídos e música), en anuncios publicitarios ou outro tipo de comunicacións orais. | Unidade 6 | CLL<br>CCEC |
| d<br>e<br>h | B1.3. Comprensión e interpretación de textos orais expositivos e argumentativos do ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). | B1.3. Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas). | LGB1.3.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo. | Unidades 2,3,12 | CCL<br>CAA |
| | | | LGB1.3.2. Recoñece os procedementos lingüísticos | Unidades 1,8,9,10 | CCL<br>CSC |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Unidades do libro do alumno | Competencias c |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | para manifestarse a favor ou en contra dunha opinión ou postura. | | |
| d<br>e<br>h | B1.4. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais de natureza diversa. | B1.4. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais. | LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. | Unidades 3 ,9 | CCL |
| a<br>c<br>d<br>h | B1.5. Desenvolvemento de habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto. | B1.5. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. | LGB1.5.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. | Unidades 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12 | CCL |
| | | | LGB1.5.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. | Unidades ,2,3,4,5, 6,7,8,9,10,11,12, 13,14,15 | CCL<br>CSC |
| | | | LGB1.5.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. | Unidades 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12, 13, 14, 15 | CCL<br>CSC<br>CSIEE |
| h | B1.6. Participación nas producións orais cunha | B1.6. Participar oralmente | LGB1.6.1. Recoñece a | Unidades | CCL |

| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Unidades do libro do alumno | Competencias c |
Colocar b ou v en palabras; resolver exercicios con palabras con b ou v.
Observar gráficas e ler textos para comentar e reflexionar sobre a situación sociolingüística da lingua galega.
Ler un texto e buscar palabras de significado descoñecido, responder cuestións sobre o texto, elabora unha entrevista a un personaxe do texto e elabora un manual de instrucións dun dispositivo que sirva para potenciar algunha das capacidades da mente humana.
UNIDADE 6
Ler poemas e buscar o significado de palabras, sinalar os temas, explicar o significado de varios versos, reflexionar sobre a diferencia entre poesía lírica ou narrativa.
Realizar xeneralizacións respecto a un tema e sinalar excepcións a esa xeneralizacións.
Ler textos para identificar a estrutura narrativa; converter un poema nunha narración; escribir un relato ou un microrrelato inspirándose nunha serie de títulos.
Elabora un listado de palabras pertencentes ao campo semántico do ciencia.
Empregar abreviaturas e símbolos. Escribir por extenso determinadas abreviacións.
Buscar e analizar en diferentes textos e enunciados os adverbios e locucións adverbiais, as preposicións e locucións prepositivas e as conxuncións e locucións conxuntivas. Corrixir erros no uso desas palabras.
Usar en distintos enunciados palabras que presentan dificultades no uso ou non do h.
Ler textos, comentar e reflexionar sobre o conflito lingüístico e a diglosia, e a planificación lingüística.
Ler un texto, elaborar unha liña temporal do tema, deseñar unha fotografía interactiva e, con axuda de Internet, buscar información sobre distintas aspectos mencionados no texto.
UNIDADE 7
Organizar unha serie de enunciados consonte a cronoloxía interna dun texto, caracterizar os personaxes dese texto; Deseñar un folleto sobre un tema proposto.
Inventar un diálogo no que os interlocutores expresen dúbida ou indecisión.
Explicar a estrutura descritiva duns textos.
Contar o que sucede nunha imaxe utilizando o léxico referido á educación viaria.
Clasificar e identificar palabras simples, derivadas e compostas. Identificar frases, o seu núcleo, clasificalas, crear tipos diferentes de frases e analizalas sintacticamente.
Usar palabras con l/ll, n/ñ e outras que teñan grafías alleas ao alfabeto galego.
Observar imaxes e reflexionar sobre os preconceptos lingüísticos presentes nesas imaxes.
Ler un texto e buscar sinónimos de determinadas palabras, indicar o significado de sufixos, substituír os marcadores discursivos, identificar a estrutura, buscar información sobre unha persoa mencionada no texto, crear unha infografía e facer un deseño.
UNIDADE 8
Ler un texto e resumir o argumento, dividilo en partes, sinalar se as afirmacións referidas ao texto son verdadeiras ou falsa, analizar a voz narrativa e redactar un relato breve no que un dos personaxes do texto se comporte de xeito inesperado.
Debater sobre uns temas e intentar chegar a un consenso.

Analizar a estrutura persuasiva-argumentativa dun texto.
Contar o que se ve nunha imaxe utilizando palabras do campo semántico do teatro .
Analizar o significado de prefixos e sufixos e indicar que clase de derivación presentan unhas palabras.
Localizar e identificar cláusulas, diferenciar nunhas cláusulas o suxeito e o predicado, indicar que tipo de suxeito teñen, dicir se o predicado dunhas cláusulas é un verbo copulativo, transitivo ou impersoal, indicar o Cd e o CI e analizar cláusulas sintacticamente.
Traballar, a partir de exercicios diferentes, os diversos grupos consonánticos da lingua galega.
Buscar información sobre as variedades diatópicas da lingua galega e localizar en distintos textos esas variedades.
Ler un texto, responder a cuestións referidas aese texto, escribir un texto literario no que se reflicta a relaidade mencionada no texto e buscar en Internet tipos de cactividades para exercitar a memoria.

UNIDADE 9

Ler dous poemas e resumir o seu contido, xustificar os títulos, argumentar se son poemas líricos ou narrativos, explicar o sentido de determinados versos, identificar recursos estilísticos, escribir un poema semellante aos lidos.
En grupos de tres, o primeiro alumno debe inventar unha historia, o segundo alumno debe narrarlla oralmente a un compañeiro e o terceiro debe resumila.
Explicar que tipo de argumentos están presentes en varios enunciados, identificar a tese dun texto argumentativo, achegar argumentos para defender unha tese e redactar textos persuasivo-argumentativos.
Observar unhas imaxes e explicar o que se ve utilizando o léxico relacionado coa comida e a cociña.
Crear palabras novas a partir doutras palabras.
Buscar as funcións sintácticas no interior de cláusulas diferenciar as cláusulas con atributo das que teñen predicado e CD, escribir cláusulas que conteñan as diferentes funcións sintácticas.
Traballar, a partir de exercicios diferentes, os diversos grupos consonánticos da lingua galega.
Buscar información sobre as variedades diastráticas, diafásicas e diacrónicas da lingua galega e localizar en distintos textos esas variedades.
Ler un texto e buscar sinónimos de determinadas palabras, buscar o significado de siglas, explicar como son os personaxes, propoñer outro título, redactar a entrada para unha enciclopedia sobre un concepto dunha serie e escribir como sería o día a día se vivisen nun país en guerra ou baixo unha ditadura.

UNIDADE 10

Ler un texto e buscar no dicionario as palabras de significado descoñecido, indicar o tema central e os secundarios, indicar se determinadas afirmacións sobre o texto son correctas ou incorrectas, organizar unha serie de acontecementos consonte a cronoloxía interna da peza, investigar sobre os temas do texto.
Improvisar un discurso de tres minutos sobre un tema dunha serie escollido ao chou.
Ler textos para diferenciar a argumentación da persuasión; elabora un anuncio dun produto a escoller entre un listado.
Observar unhas imaxes e explicar o que se ve utilizando o léxico relacionado co emprego e as relacións laborais.
Diferenciar nunha serie as siglas dos acrónimos, crear e desenvolver acrónimos, explicar que voces están amalgamadas nunha serie de expresións dadas.

En series de cláusulas, diferenciar se son simples ou compostas, clasificalas segundo a natureza do predicado e a voz verbal, identificar o valos de se, indicar que tipo de cláusula subordinada é, indicar que función desempeñas as cláusulas substantivas e analizar sintacticamente cláusulas complexas con subordinadas substantivas.
Realizar exercicios de completar ocos, escoller a resposta correcta e facer encrucillados para traballar con prefixos que presentan dificultades no seu uso.
Ler a información sobre a historia da lingua galega de 1916 ata 1936, deseñar unha liña do tempo que inclúa os datos máis significativos deste período xunto coas publicacións máis relevantes a nivel lingüístico, analizar a información contida nunha gráfica.
Ler un texto e responder cuestións, elaborar unha receita, comparar información do texto e realizar unha gráfica sobre un tema relacionado coa información transmitida no texto.
UNIDADE 11
Ler un texto xornalístico e buscar palabras chave que resuman o contido, realizar un esquema que recolla a información exposta, indicar se as afirmacións sobre o texto son correctas ou incorrectas , indicara que xénero xornalístico pertence o texto, dar a opinión sobre determinados temas tratados no texto, realizar unha presentación oral sobre un dos desastres ecolóxicos marítimos sucedidos en Galicia.
Escribir o propio currículo.
Partindo de determinados textos e enunciados, recoñecer a estrutura expositiva-explicativa; redactar un texto expositivo sobre un tema.
Describir oralmente unha imaxe empregando o maios numero de palabras do campo semántico da enerxía.
Recoñecer estranxeirismos, cultismos e latinismos en series de palabras; substituír os estranxeirismos por palabras da lingua galega.
En series de cláusulas, diferenciar e clasificar as adxectivas, indicar a función sintáctica das cláusulas adxectivas e a función do pronome relativo, diferenciar a cláusulas adxectivas das adverbiais e das substantivas, construír cláusulas adxectivas, indicar a funcións sintáctica das cláusulas adverbiais, crera cláusulas adverbiais, e analizar sintacticamente cláusulas complexas con subordinadas adxectivas ou adverbiais.
Realizar exercicios de completar ocos, escoller a resposta correcta e facer encrucillados para traballar con sufixos que presentan dificultades no seu uso
Ler a información sobre a historia da lingua galega de 1936 a 1975 e comentar textos sobre a situación do galego na ditadura franquista.
Ler un texto e resumir a información, buscar sinónimos de palabras destacadas, realizar unha descrición científica e outra literaria dunha das nosas árbores autóctonas e expoñer oralmente as propiedades máxicas que se lle atribúen na cultura popular galega a algunhas árobres.
UNIDADE 12
Ler un texto, indicar o tema, resumir o argumento, indicar as partes en que se pode dividir, analizar o narrador, o espazo e o tempo; ordenar unha serie de acontecementos segundo a cronoloxía interna do texto e redactar un relato breve desde un punto de vista diferente ao que presenta o texto.
Baseándose na información dunhas fiches, realizar entrevistas de traballo.
Ler textos para recoñecer que estrutura presentan; redactar textos instrutivos e recoñecer as características destes textos.
Describir oralmente unhas imaxes facendo referencia aos deportes e actividades acuáticas.
Recoñecer, en series de palabras, as onomatopeas, as palabras tabú e os eufemismos.
En series de cláusulas, recoñecer e diferenciar cláusulas de oracións, e oración compostas de oracións bipolares. Clasificar e analizar sintacticamente as oracións compostas e as oracións bipolares.
Completar ocos con palabras que presentan dificultades no seu uso: porque/por que/porqué; Se non /senón; de máis/demais; con que/conque.

Ler a información sobre a historia da lingua galega de 1936 a 1975, comentar textos, facer un debate sobre s neofalantes e buscar información sobre o uso do galego en diferentes ámbitos.
Ler e observar un texto e crera un protocolo de actuación perante un posible accidente e elaborar un decálogo de medidas para facer da casa un lugar seguro.

UNIDADE 13
Investigar as diferentes etapas da produción literaria de Cabanillas e plasmalas nun cadro sinóptico.
Localizar a idea principal de textos de cabanillas.
Ler poemas de Cabanillas e identificar o tema, a métrica, o contido de varias estrofas, os recursos estilíticos, o uso dos símbolos e os episodios históricos que están presentes nos poemas.
Ler textos para recoñecer as características do Grupo Nós. Realizar un esquema coa obra literaria de Risco, Otero Pedrayo e Castelao.
Ler fragmentos da obra literaria de Risco, Otero Pedrayo ,Castelao e Dieste para analizar as características da obra destes autores.
Ler fragmentos textuais para relacionalos coa vangarda á que pertencen. Ler textos de Manuel Antonio e analizar as características da súa poesía.
UNIDADE 14
Analizar os títulos das obras literarias publicadas polos exiliados e ver que elementos teñen en común. Seleccionar un dos narradores do exilio e buscar información para facerlle unha entrevista ficticia. Ler textos dos escritores galegos no exilio e analizar as características literarias.
Facer un esquema coa literatura galega de posguerra.
Ler textos de Blanco Amor, Fole, Cunqueiro e Neira Vilas e analizar as súas características literarias.
Ler poemas de Celso Emilio Ferreiro e analizar as súas características literarias.
UNIDADE 15
Facer un esquema ou un mapa conceptual da Nova Narrativa galega.
Ler textos dos autores da Nova narrativa galega e analizar as súas características literarias.
Ler poemas dos autores dos anos 60 e 70 e analizar as súas características literarias.
Ler fragmentos de obras teatrais dos autores dos anos 60 e 70 e analizar as súas características literarias.
Ler fragmentos da obra literaria de Ferrín e Casares e analizalos.
Realizar un mapa conceptual da literatura galega actual e ler unha antoloxía de textos para reflexionar sobre as características deste período literario.
METODOLOXÍA
No desenvolvemento das tarefas empréganse diversas estratexias metodolóxicas:
- Actividade que permita anticipar as ideas previas que os alumnos e as alumnas teñen en torno aos distintos contidos que imos traballar.
- Creación dun ambiente distendido que lles permita aos alumnos e alumnas expresarse oralmente sen inhibicións e ir coñecéndose.
- Exposición do profesor ou profesora utilizando diferentes soportes, explicando detalladamente o significado daqueles conceptos máis complexos e novidosos.
- Fincapé nos hábitos de traballo: responder as actividades do libro; comprender a finalidade de cada apartado; utilizar o dicionario; facer clasificacións e resumos; estudar a teoría co apoio dunha práctica continuada, etc.

- Fomento do uso das TIC para resolver actividades ou ampliar ou complementar a información do libro.
- Fomento da aprendizaxe activa e do traballo colaborativo.
- Creación de textos e lectura posterior en voz alta para que os demais valoren a creatividade de cada alumno/-a e así favorecer o xuízo crítico e o traballo cooperativo.
- Fomento do clima adecuado que favoreza o traballo reflexivo individual.
- Posta en común en gran grupo a través do diálogo e a lectura colectiva, tras o traballo individual ou grupal.
- Fomento do aspecto lúdico e creativo da linguaxe.

Traballo dos distintos contidos da unidade a partir de textos próximos á realidade e aos intereses do alumnado.

TEMPORALIZACIÓN DAS UNIDADES DO LIBRO DO ALUMNADO

| | Bloques / Unidades | Lectura | Expresión oral | Lingua e texto | Léxico | Gramática | Ortografía | Lingua e sociedade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1.º trimestre | Unidade 1 | "En palacio" | Expresar seguranza | Adecuación | Política e lexislación / Polisemia e homonimia | Comunicación, lingua e disciplinas lingüísticas | Acentuación (I) | Plurilingüismo |
| | Unidade 2 | "Peinador: unha moeda galega antes do euro" | Facer suxestións | Coherencia | Economía e finanzas / Sinonimia | Substantivo / Adxectivo | Acentuación (II) | Diversidade lingüística na Península Ibérica |
| | Unidade 3 | "Autopoética in progress" e "Some answers to the last poem on late capitalism" | Destacar unha idea | Cohesión (I) | Deportes de aventura / Antonimia | Pronome persoal / Artigo / Demostrativo / Posesivo | Puntuación (I) | O galego e a lusofonía |
| | Unidade 4 | "Reis Magos" | Reformular | Cohesión (II) | Administración / Hiperonimia, hiponimia e cohiponimia | Identifcador / Cuantificador / Numeral / Relativo / Interrogativo e exclamativo | Puntuación (II) | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Literatura | | | | | Historia da lingua galega (II): a lingua galega de 1916 a 1936 |
| | Unidade 13 | A literatura galega desde comezos do século XX até 1936 | | | | | |

| | Bloques<br>Unidades | Lectura | Expresión oral | Lingua e texto | Léxico | Gramática | Ortografía | Lingua e sociedade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2.º trimestre | Unidade 5 | "Vive tempo e próspero" | Facer conxecturas | Estruturas dialogada e monologada | Xustiza / Holonimia e meronimia | Verbo | Uso dalgunhas vogais e de b/v | A lingua galega nas leis |
| | Unidade 6 | "Epitalamio das cebolas" e "É difícil comprender que sucede connosco mentres todo cambia..." | Xeneralizar a facer excepcións | Estrutura narrativa | Ciencia / Abreviación, abreviatura e símbolo | Adverbio / Preposición / Conxunción | Uso de h e de s/x | Situación sociolingüística do idioma galego |
| | Unidade 7 | Un hotel de primeira sobre o río | Expresar dúbida e indecisión | Estrutura descritiva | Educación viaria / Composición | Sintaxe (i) | Uso doutras consoantes | Conflito lingüístico e diglosia. Planificación lingüística |
| | Unidade 8 | "Unha viaxe até a terra do xeo" | Consensuar | Estrutura persuasivo-argumentativa (i) | Teatro / Derivación | Sintaxe (ii) | Grupos consonáticos (i) | |
| | | Literatura | | | | | | Historia da lingua galega (II): a lingua |
| | Unidade | A literatura galega desde 1936 | | | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 14/Unidade 15 | ata 1975 | | galega de 1936 a 1975 |

| | Bloques<br>Unidades | Lectura | Expresión oral | Lingua e texto | Léxico | Gramática | Ortografía | Lingua e sociedade |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3.º trimestre | Unidade 9 | “Nintendo” e “(Pinoccio) Cando chega o día...” | Resumir | Estrutura persuasivo-argumentativa (ii) | Culinaria / Neocomposición | Sintaxe (iii) | Grupos consonánticos (ii) | |
| | Unidade 10 | Unha primavera para Aldara | Improvisar un discurso | Estrutura persuasivo-argumentativa (iii) | Emprego e relacións laborais / Sigla, acrónimo e amálgama | Sintaxe (iv) | Palabras que comezan por... | Preconceptos lingüísticos |
| | Unidade 11 | “A xeración Biotopo” | Presentar o currículo propio | Estrutura expositivo-explicativa | Enerxía / Estranxeirismo, cultismo e latinismo | Sintaxe (v) | Palabras que terminan en... | Variedades lingüísticas (I) |
| | Unidade 12 | “Peixes voadores non identificados” | Participar nunha entrevista de traballo | Estrutura obrigativo-instrucional | Deportes e actividades acuáticas / Onomatopea, palabra tabú e eufemismo | Sintaxe (vi) | Xuntos ou separados? | Variedades lingüísticas (II) |
| | | Literatura | | Historia da lingua galega (III): a lingua galega de 1975 á actualidade | | | | |
| | Unidade 15 | A literatura galega desde 1975 | | | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | á actualidade | | |

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación, entendida como parte integrante do proceso de educación dos aprendidos, orienta de forma permanente a súa aprendizaxe, polo que contribúe en si mesma á mellora do rendemento. Para acadar isto, débese realizar da seguinte maneira:

Individualizada, centrándose na evolución de cada discente e na súa situación inicial.
Integradora, para o cal se contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación sinalados.
Cualitativa, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular, e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumnado, non só os de carácter cognitivo.
Orientadora, dado que lle achega ao alumnado a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.
Continua, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases.

Nesta área terán prioridade, á hora de avaliar, os procedementos e as destrezas adquiridas así como as actitudes cara ao emprego da lingua dentro e fóra da aula. Ademais das probas obxectivas de carácter individual, serán instrumentos de avaliación as actividades habituais do alumnado, a observación sistemática mediante notas de seguimento e o rexistro de datos, a produción de textos escritos, o manexo de fichas, de enciclopedias, das novas tecnoloxías da información, tanto individual como colectivamente. Valorarase o hábito de lectura e o interese polas producións literarias.
A avaliación é un procedemento que permite concluír se se conseguiron ou non as competencias básicas e a capacidade de desenvolver de xeito integrador os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.
Para desenvolver o proceso avaliativo recorrerase a catro tipos de avaliación:

1º - Avaliación inicial: para coñecer os alumnos /as e determinar o punto de partida.

2º - Avaliación continua a través de:
Observación directa na aula: rexistro dos hábitos de traballo.
Fichas de observación dos procedementos especificados en cada un dos bloques de contidos.
Valoración dos traballos realizados polo alumnado na clase e na casa.
Probas obxectivas ( escritas ou orais ) para determinar o grao de consecución dos contidos.
Probas orais ou escritas en cada avaliación para facer un seguimento das obras lidas co obxectivo de fomentar a lectura

3º - A avaliación sumativa ou final comprobará o grao de consecución dos obxectivos fixados. Poderase realizar unha proba escrita.

A cualificación do alumnado nunca responderá só a esta avaliación final, senón que terá carácter procesual e sumativo e contemplará todo o proceso de aprendizaxe.

A cualificación final darase na avaliación ordinaria de xuño. Aqueles que obteñan unha cualificación negativa nesta convocatoria terán que facer a proba extraordinaria dúas semanas despois (segundo a normativa que rexe a día de hoxe e que está por aprobar polas autoridades educativas). O alumnado con cualificación positiva na primeira semana de xuño, no tempo de espera ao remate das clases, poderá ter que realizar algunhas actividades acordadas polo departamento ou polo centro en colaboración interdepartamental.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

O profesor de 4º ESO da ESO fará unha avaliación continua do alumnado a través de:

- Fichas de observación e de rexistro dos procedementos especificados en cada un dos bloques de contidos, así como do grao de adquisición das competencias básicas.
- Traballos realizados polo alumnado na clase e na casa relacionados co currículo e maioritariamente textos de creación persoal.
- Probas obxectivas escritas e orais para determinar o grao de consecución dos contidos.

. Rúbricas para a redacción e presentación de traballos escritos, para a exposición oral de traballos, para a resolución individual de exercicios, para a avaliación dun exame, para a participación e intervención do alumnado.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a cualificación final explicaráselle ao alumnado a importancia fundamental do labor diario para obter unha avaliación positiva, insistindo en que non poderá aprobar ninguén que de forma habitual non traballe nin na aula nin na casa.

A cualificación do alumno obterase mediante probas e traballos escritos e orais, que abrangan cuestións sobre os diferentes bloques de contido de 4º da ESO. A expresión oral será observada mediante actividades individuais, en parellas ou en grupo (debate, exposición….)

Valorarase:
Participación e hábitos de traballo: 10%
Probas obxectivas escritas e orais: 60 %
Actividades de comprensión lectora e de expresión oral e escrita. Caderno do alumnado, no que constarán todas as actividades realizadas e tarefas diversas propostas polo profesorado ao longo do curso: 30%.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Na ESO resulta moi significativa a diversidade de estilos e dificultades de aprendizaxe, intereses, motivacións e expectativas de futuro que presenta o alumnado; de aí a obriga de abordar esta realidade para cumprir o obxectivo fundamental de responder ás necesidades educativas de todos os alumnos. Todas as medidas serán deseñadas en colaboración co Departamento de Orientación e buscan flexibilizar a programación para responder a unha realidade non homoxénea e inciden no tipo de actividades propostas, na selección dos materiais, nas estratexias organizativas e mesmo nos criterios de avaliación, tomando como referencia os contidos mínimos sinalados. As medidas contempladas son:

1.- Secuenciación de contidos que asegure aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
2.- Agrupamentos flexibles que permiten contextos de aprendizaxe colaborativos. (Reforzos, Desdobramentos)
3.- Diferentes tempos de realización de actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.
4.- Criterios de avaliación que contemplen os diferentes puntos de partida e os diferentes graos de consecución de obxectivos.
5.- Actividades de ensinanza-aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade, entre as que tamén se contemplan:

• Actividades de reforzo para os alumnos que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo. Nun caso como o da lingua galega, a bagaxe previa non é a mesma en todos os alumnos. Polo tanto, contémplanse actividades de distinto grao de dificultade (interferencias do castelán, coñecementos sobre ortofonía, expresións, locucións ou frases feitas, etc.) para acadar un nivel axeitado. No apartado de literatura e tipoloxía textual, incluiranse comentarios de textos sinxelos guiados mediante unha serie de preguntas que inciden nos aspectos e características máis relevantes destes. Por último, contémplanse mecanismos de cooperación que evidencian a función comunicativa da lingua nun ambiente de socialización propiciatorio (tormentas de ideas, corrección colectiva, traballos en grupo ou postas en común).

• Actividades de recuperación para os alumnos que non acadan os obxectivos previstos ao final de cada secuencia. Consistirán en exercicios, así como lecturas de fragmentos de obras literarias que axuden a comprender o autor, a súa obra e a época en que está escrita, e que tamén se usan para ler en voz alta, facer resumos e comentarios guiados de textos, expor a opinión etc.

• Actividades de ampliación para os alumnos que avanzan a un ritmo de aprendizaxe maior e así desenvolver máis polo miúdo cuestións relativas a autores determinados en cada unidade (análise de textos, breves investigacións, máis lecturas etc.) que favorezan o traballo autónomo e permitan a cada alumno aplicar o ritmo e a forma de traballo máis axeitada ás súas características individuais

EDUCACIÓN EN VALORES E TRANSVERSALIDADE

Segundo o establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os elementos transversais que deben traballarse a través de todas as materias son os seguintes:

-Comprensión lectora
-Expresión oral e escrita

-Comunicación audiovisual
-Tecnoloxías da información e da comunicación
-Emprendemento
-Educación cívica e constitucional

Alén disto, tamén son considerados elementos transversais que cómpre ter en conta, tanto nas programacións docentes como no desenvolvemento das aulas os seguintes valores e conceptos:

| | |
|---|---|
| Igualdade e respecto | -Igualdade efectiva entre homes e mulleres<br>-Prevención da violencia de xénero<br>-Prevención da violencia contra persoas con discapacidade<br>-Igualdade de trato e non discriminación<br>-Prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia |
| | -Aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos nos ámbitos persoal, familiar e social<br>-Aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, o respecto ás persoas con discapacidade, o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia |
| | -Evitación de comportamentos e de contidos sexistas<br>-Evitación dos estereotipos que supoñan discriminación por razón de orientación sexual ou de identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual |
| Emprendemento | -Fomento das participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa e o traballo en equipo, a confianza nun/nunha mesmo/a e o sentido crítico |
| Educación viaria | -Promoción de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico con fin de divulgar entre o alumnado dos seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías como peóns, viaxeiros/as e condutores/as, o respecto polas normas e os sinais para así favorecer a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía de modo que se tenda á evitación dos accidentes de tráfico e das súas secuelas |

Todos estes aspectos aparecen amplamente representados nos contidos, nos textos, nos exemplos e nas actividades do noso proxecto didáctico. Non obstante, tamén consideramos esenciais para o desenvolvemento do alumnado, como cidadáns e cidadás plenamente conscientes dos seus dereitos e dos seus deberes e como individuos inseridos na nosa sociedade, a presenza doutros elementos transversais non explicitados neste apartado do

currículum, aínda que si forman parte, por exemplo, do deseño de competencias; así, incluímos aínda materiais que abordan o tratamento da ecoloxía e o respecto polo medio, a educación dos/das consumidores/as, a educación para a saúde, a educación para o lecer e a educación para o desenvolvemento, entendida esta última baixo os preceptos de promoción das actitudes destinadas a desenvolver a solidariedade mundial, a paz, a tolerancia, a xustiza social e a defensa do medio ambiente, perseguindo tanto o desenvolvemento dos individuos como das súas comunidades dun xeito respectuoso.
A seguir, presentamos a distribución dos temas transversais por unidades didácticas e por proxectos trimestrais:

A seguir, presentamos a distribución dos temas transversais por unidades didácticas.

| | U. 1 | U. 2 | U. 3 | U. 4 | U. 5 | U. 6 | U. 7 | U. 8 | U. 9 | U. 10 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Igualdade e respecto | | | | | | | | | | |
| Emprendemento | | | | | | | | | | |
| Educación viaria | | | | | | | | | | |
| Ecoloxía e respecto polo medio | | | | | | | | | | |
| Educación dos/das consumidores/as | | | | | | | | | | |
| Educación para a saúde | | | | | | | | | | |
| Educación para o lecer | | | | | | | | | | |
| Educación para o desenvolvemento | | | | | | | | | | |

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

O traballo coas novas tecnoloxías será a través do ordenador do profesor e do traballo en grupo que poidan realizar en distintos ordenadores portátiles dos que dispón o departamento.

No departamento de Lingua Galega e Literatura dispoñemos de dous ordenadores portátiles que levamos á clase para poder entrar en Internet e ensinarlles vídeos de dramatización de textos ou musicalización de poemas, visitar páxinas como a da Biblioteca Virtual Galega, a da Real Academia Galega ou a do Instituto da Lingua Galega; ensinarlles a consultar dicionarios, correctores ou tradutores en liña.
As aulas dispoñen todas elas de ordenador para o profesorado e canón de proxección. Con este material tamén se pode traballar en todo o grupo con contidos virtuais.
A AV, na que profesorado e alumnado están matriculados, tamén leva sendo dende , sobre todo, a pandemia, unha ferramenta de traballo tanto con contidos virtuais como material tirado de fontes escritas.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

É o Departamento de Orientación, en colaboración co titor e a Xefatura de Estudos, o que adopta as accións destinadas a mellorar a convivencia no centro, polo que o que os profesores de 4º ESO faremos será informar puntualmente ao titor de todas aquelas actitudes do alumnado que poidan impedir o normal desenvolvemento da convivencia na aula.

ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

Trataremos o léxico máis alá do que se propón no apartado das actividades de lectura das distintas unidades do libro de texto, ademais de dedicarmos algunhas sesións á lectura na aula dos diferentes tipos de textos.
Proporemos a lectura de textos da literatura galega ou traducións da literatura universal (como mínimo un por trimestre) que servirán de base para o espallamento da nosa cultura literaria e da cultura universal, así como para mellorar a comprensión e expresión orais e escritas.

As obras de lectura propostas son unha por trimestre e poden coincidir ou non coas propostas o curso pasado que foron as seguintes:
1º trimestre: Curros Enriquez: *O divino sainete*
2º trimestre: Blanco Amor, *A esmorga*.
3º trimestre: Castelao, *Os dous de sempre. Un ollo de vidro*.

Tamén se poden realizar saídas ao teatro, exposicións, concertos….en función da oferta educativa que se presente ao longo do curso. Somos conscientes de que este ano, por mor da pandemia, estas actividades se poden ver moi limitadas e mesmo anuladas.

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Extracción e formulación correcta do tema, a intención e as ideas principais e secundarias, a tese e os argumentos de textos de diferente tipoloxía, demostrando que se comprenden as súas connotación e mensaxes implícitas.
Realización de exposicións orais planificadas claras e ordenadas de traballos e informacións de actualidade, diferenciando información e opinión e explicando de forma clara e razoada as propias posicións con respecto ao tema tratado.
Planificación, redacción e revisión de textos escritos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico aplicando as normas básicas de adecuación, coherencia, cohesión e corrección (ortográfica, gramatical...) traballados na aula.
Consulta autónoma de textos en diferentes soportes, selección análise crítica da información relevante, extracción de conclusións fundamentadas e integración en traballos académicos adecuados ao nivel.

do rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación comunicativa.
Coñecemento e uso correcto do léxico relacionado cos campos semánticos traballados na aula.
Valoración da lingua galega como propia de Galicia, comprendendo as circunstancias históricas que condicionaron a súa evolución desde os comezos do século XX.
Comprensión crítica e recoñecemento da situación actual do galego así como coñecemento do proceso de normalización.
Identificación das principais etapas, escolas literarias, autores e obras da literatura galega do século XX e actual.
Valoración positiva da literatura galega como patrimonio cultural e como estímulo para unha práctica literaria propia.
Lectura e comprensión dos libros de lectura sinalados durante o curso.
Entrega periódica dos traballos solicitados ao longo do curso.
Participación construtiva nas interaccións comunicativas cos compañeiros e compañeiras.
Interese pola materia e actitude de respecto e de colaboración no traballo da aula.

PLANS DE TRABALLO PARA A SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

A avaliación da materia pendente faise a través da realización dos exercicios de caderniños de traballo que se dan ao longo do curso.
Así mesmo, a boa evolución no curso presente sempre é un dato positivo para acadar o aprobado no curso precedente. A non entrega dos traballos solicitados no prazo establecido penaliza ao alumnado pendente co risco de non aprobar a materia do curso anterior. Informarase as familias da súa evolución tres veces curso, coincidindo coas avaliacións.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS INCLUÍDOS OS LIBROS DE TEXTO

A materia de Lingua e Literatura Galega de curso de 4º ESO será abordada contando co libro de texto de Baía Edicións e Consorcio Editorial Galego. Esta editorial propón un proxecto no que se desenvolve o currículo vixente para a materia. Céntrase prioritariamente en dous obxectivos:

- O incremento da competencia comunicativa, entendida como a adquisición dos coñecementos e os procedementos que resultan imprescindibles para interactuar satisfactoriamente en diferentes ámbitos sociais.
- O desenvolvemento da educación literaria, concibida como a adquisición dos coñecementos e dos procedementos necesarios para comprender o sentido dos textos literarios, iniciarse na expresión literaria e consolidar os hábitos de lectura.

Consonte a esta formulación, en cada unidade aténdese á realización de determinadas tarefas de comunicación e á adquisición de certos coñecementos que contribúen á formación lingüística e literaria da persoa e fan que a comunicación sexa máis efectiva.

Ademais do libro de texto, o profesorado da área neste curso poderá aportar material procedente doutras fontes diferentes ao libro de texto. Sempre se perseguirá o logro dos obxectivos do curso dando ao alumnado variedade e propostas atractivas. Por suposto, neste punto estamos a pensar no uso da biblioteca así como das TIC.

RECURSOS

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:

- Recursos fotocopiables da Proposta Didáctica do libro do alumno, con actividades de reforzo e ampliación e lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora.
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.

Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos e alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.

. Páxinas web que proporcionan información e material didáctico sobre os contidos estudados.

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

-A programación será avaliada mediante enquisas ao alumnado e a reflexión do propio profesorado do departamento tras analizar os resultados académicos obtidos polos rapaces.

Deberá valorarse:

-A contribución da programación ao logro das competencias básicas

-A adecuación dos obxectivos e do nivel esixido a cada curso académico.

-A distribución de contidos nas distintas avaliacións e os tempos dedicados a cada competencia comunicativa.

-A adecuación da metodoloxía e materiais didácticos.

-A contribución das actividades complementarias e extraescolares á consecución dos obxectivos

MECANISMOS PARA ASEGURAR O SEGUIMENTO CONTINUO DO CURSO POR PARTE DO ALUMNADO:

Para asegurar o seguimento continuo do curso atenderanse os mecanismos que o centro establece de acordo co seu propio regulamento e outros plans que poidan estar vixentes (plan de continxencia Covid, plan de absentismo, etc.). Ademais, desde a materia prevense os seguintes mecanismos:

- Docencia presencial. O centro establece un protocolo diario para comprobar a asistencia do alumnado á aula, con informe a titoría no caso de observar ausencias repetidas para a súa comunicación ás familias e tomar as medidas preceptivas. Desde a propia materia tamén se reserva unha porcentaxe da nota final (10 %) para estimular tanto a participación como a realización de tarefas na aula, o que permite dalgunha forma realizar e asegurar un seguimento continuo e obxectivo do curso por parte do alumnado. A petición de tarefas periodicamente e a realización de probas parciais permite ofrecer tamén unha valoración desta evolución do alumnado.

- Docencia a distancia. Alén dos mecanismos que estableza o centro, que serán de aplicación tamén nesta materia, para asegurar o seguimento continuo do curso por parte do alumnado empregaremos os métodos seguintes: comprobar a asistencia diaria e valorar o grao de participación do alumnado nas sesións a distancia; comprobar as entregas periódicas e o grao de corrección das tarefas requiridas; observar o rexistro de conexións que realiza o alumnado á aula virtual, comprobable a través da propia aplicación; propoñer test de autoavaliación e outras probas periódicas en datas pechadas e configuradas con seguridade (aceso restrinxido, limitado temporalmente, navegación controlada, etc.).

# 2º BACHARELATO

1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 2º BACHARELATO

Como resultado do proceso de ensino-aprendizaxe desta materia o alumnado ao remate do curso ha de alcanzar os seguintes obxectivos concretos:

1. Valorar positivamente a lingua galega e empregala oralmente e por escrito en todas as situacións.
2. Identificar as variacións diacrónicas da lingua galega ao longo do século XX e ser quen de distinguir as variacións diatópicas e diastráticas.
3. Coñecer as características sociolingüísticas dos principais períodos históricos que atravesou a lingua galega no século XX, o marco legal actual e as características do proceso de normalización.
4. Coñecer os intentos por conformar un estándar para o galego ao longo do século XX e aceptar o marco legal actual.
5. Analizar textos de todo tipo aplicando as regras de análise textual.
6. Ler obras da literatura galega con sensibilidade e actitude crítica.
8. Analizar e comentar textos literarios publicados desde 1916 ata a actualidade seguindo métodos recoñecidos e eficaces da teoría e crítica literarias.
9. Identificar as principais épocas, características, autores, obras e períodos estéticos na literatura galega desde 1916 ata a actualidade.

Reforzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para aproveitar eficazmente as aprendizaxes, e mais como medio de desenvolvemento persoal.

2.-COMO CONTRIBÚE A MATERIA Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

1.º Comunicación lingüística.
2.º Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
3.º Competencia dixital.
4.º Aprender a aprender.
5.º Competencias sociais e cívicas.

6.º Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
7.º Conciencia e expresións culturais.
A materia de Lingua e Literatura de 2.º de Bacharelato pretende que os alumnos e as alumnas adquiran as habilidades necesarias para facer efectiva a comunicación no nivel persoal, académico, social e profesional. Para iso, ademais da comunicación lingüística, propia da materia e a conciencia e expresións culturais, relacionada especialmente coa literatura, desenvolveranse outras competencias inherentes á propia aprendizaxe como son aprender a aprender e sentida de iniciativa e espírito emprendedor, e a competencia dixital, relacionada coa busca de información.
A competencia fundamental que desenvolve é, polo tanto, a comunicación lingüística. A través dos contidos, lecturas e actividades propostas ao longo do libro búscase que o alumnado sexa competente; a) na comprensión oral e a comprensión escrita mediante a escoita e a lectura de textos de diversa índole e a escoita atenta das explicacións nas situacións comunicativas da aula e b) na expresión oral e a expresión escrita mediante a elaboración de textos propios orais ou escritos cun vocabulario e unhas estruturas lingüísticas precisos e de forma coherente e adecuada a cada situación comunicativa.
As competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía están presentes en textos relacionados co medio e a ciencia.
A competencia dixital implica a utilización de medios dixitais que o alumnado de Lingua e Literatura precisará para solicitar información de dicionarios e enciclopedias e obter datos concretos sobre autores e obras, así como para ampliar os contidos ou traballar os medios de comunicación. Tamén na realización de exercicios prácticos en páxinas web que permiten a autocorrección.
O carácter abstracto dunha gran parte dos contidos que se traballan en Lingua implican unha necesaria xestión dos estilos de aprendizaxe e os recursos e motivacións persoais, e un desenvolvemento das estratexias de comprensión por parte do alumnado. Así mesmo, os estudantes enfróntanse ao seguimento dunha aprendizaxe pautada e á reflexión creativa, crítica e emocional, especialmente nas análises e comentarios dos textos e nos traballos de investigación. Por último, procuraremos a autoavaliación dos obxectivos de aprendizaxe para que o alumnado tome conciencia dos procesos de aprendizaxe. Todo iso fai que a competencia aprender a aprender se traballe ao longo de todo o curso.
O alumnado adquire competencias sociais e cívicas a través do recoñecemento e o respecto da diversidade de ideas e opinións nos traballos de tipo colaborador de diálogo e debate e das vertidas, especialmente, nos ensaios e nos artigos de opinión. Por outra parte, os alumnos e as alumnas deberán establecer unha escala de valores desde a que emitir xuízos críticos e fundamentados sobre os textos. Traballarán tamén esta competencia ao valorar os procesos históricos vividos nas etapas a estudar e ao establecer a relación da realidade histórica e a literatura.
O sentido de iniciativa e espírito emprendedor faise patente en todas as actividades que requiren achega de ideas, análise sistemática, aplicación do aprendido para xerar novas posibilidades, creación de textos, elección de recursos, etc. Así, o alumnado adquire esta competencia en especial resolvendo cuestións lingüísticas, construíndo oracións, realizando as análises de texto pautadas, creando textos propios ou achegándose aos recursos diversos que se ofrecen en Internet.
A materia contribúe especialmente ao fomento da apreciación cultural e a educación do gusto que desenvolve a competencia conciencia e expresións culturais. Traballará textos de tipoloxía variada e de autores recoñecidos para traballar os contidos cuxa temática se relaciona con temas que van desde o patrimonio natural ou científico ata a interculturalidade. Por outro, a Literatura invita ao alumnado a entrar en contacto directo con obras e autores de diversos xéneros e de valor universal sobre os que se dan as pautas e os contextos para a súa mellor comprensión, o que supón un estímulo para que os estudantes se acheguen con sensibilidade e agrado ao patrimonio literario. Poñeremos ao alumnado en contacto coa actividade cultural do seu concello, dando a coñecer a oferta (presentacións de libros, teatro, cine, música, exposicións...) procurando se interesen polas dinámicas culturais do seu entorno de xeito que pasen a formar parte do seu tempo de lecer.

3.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, ACTIVIDADES, METODOLOXÍA E TEMPORALIZACIÓN

A materia de Lingua galega e literatura está dividida en cinco bloques:

Bloque 1, "Comunicación oral. Escoitar e falar", atende ao uso oral da lingua. Incide, sobre todo, na necesidade de que o alumnado galego teña modelos de fala adecuados e poida pór en práctica a súa lingua dentro e fóra da aula en contextos formais e informais.

Bloque 2, "Comunicación escrita. Ler e escribir", ocúpase da comprensión e a produción escrita.

Bloque 3, "Funcionamento da lingua", integra contidos relacionados co código e a súa organización e responde á necesidade de reflexión sobre a propia lingua coa finalidade de capacitar para o seu uso correcto, sen concibir os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmo.

Bloque 4, "Lingua e sociedade", pretende que o alumnado comprenda os procesos sociolingüísticos e identifique os prexuízos para a súa superación. Así mesmo, persegue que recoñeza e empregue termos sociolingüísticos de xeito preciso.

Bloque 5, "Educación literaria", asume o obxectivo de facer do alumnado lectorado competente, que integre a lectura como un mecanismo de comprensión do propio eu e da sociedade ao longo de toda a súa vida, a través do achegamento á historia da literatura galega, así como ás súas obras e aos seus autores e autoras máis salientables, recoñecendo a vinculación destes produtos literarios coa propia historia de Galiza.

O tratamento da materia ten que abordarse desde unha óptica competencial, valorando as relacións que cada un ten coas competencias clave, que aparecen especificadas, a partir dos estándares de aprendizaxe avaliables, no seguinte cadro:

| Criterios de Avaliación | Obx. | Contidos | Actividades | Metodoloxía | Temporalización |
|---|---|---|---|---|---|
| Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar | | | | | |
| B3.3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo. | LGB3.3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. | CCL<br>CAA | | |
| | LGB3.3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. | CAA | | |
| | LGB3.3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica. | CAA | | |
| B3.4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e función sintácticas e aplicar os coñecementos | LGB3.4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a | CAA | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| sobre análise sintáctica na produción de textos. | terminoloxía axeitada. | | | |
| B3.5. Reflexionar e explicar as relacións e unidades semánticas. | LGB3.5.1. Identifica e explica as relacións e unidades semánticas. | CCL<br>CAA | | |
| B3.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | LGB3.6.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | CCL<br>CAA<br>CD | | |
| B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a | LGB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera | CCL<br>CAA | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| produción de textos. | das outras. | | | |
| Bloque 4. Lingua e sociedade | | | | |
| B4.1. Recoñecer os estereotipos e prexuízos lingüísticos, determinar a súa repercusión nos usos e elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen cuestións sociolingüísticas. | LGB4.1.1. Recoñece os estereotipos e prexuízos lingüísticos e determina a súa repercusión nos usos. | CCL<br>CSC | - Rúbirica do caderno de campo.<br><br>- Rúbrica do debate socioliingüístico | - Avaliará a pertinencia dos datos recollidos para avaliar a situación do galego en Cangas e a exactitude e claridade de exposición da problemática sociolingüística na conclusión. Tamén a coherencia e cohesión e corrección gramatical da lingua empregada. |
| | LGB4.1.2. Elabora traballos de xeito individual e/ou en grupo nos que se describen e analizan cuestións sociolingüísticas. | CCL<br>CSC | | Avaliarase ademais dos aspectos xa citados do funcionamento do debate, o recoñecemento dos estereotipos e prexuízos lingüísticos e a análise das cuestións sociolingüísticas, sendo quen de chegar ao universal partindo do próximo. |
| B4.2. Describir e interpretar o proceso de construción da variante estándar da lingua galega, recoñecer as interferencias lingüísticas no galego con especial atención aos castelanismos e desenvolver un discurso propio libre destes | LGB4.2.1. Describe e interpreta o proceso de construción da variante estándar da lingua galega. | CCL | - Cuestión nunha proba obxectiva escrita de Lingua e sociedade.<br><br>- Rúbrica do traballo de clase<br>- Rúbrica dos traballo escritos | - Avaliará o coñecemento do proceso de construción da variante estándar da lingua galega e a súa capacidade para expresalo por escrito con coherencia, cohesión e corrección. |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| elementos. | | | - Rúbrica das exposicións e debates<br>- Probas obxectivas<br><br><br><br>- Rúbrica do traballo de clase<br><br><br><br><br><br>- Cuestión nunha proba obxectiva escrita | <br><br>- En todas as probas realizadas avaliarase a capacidade de desenvolver un discurso propio libre de interferencias, especialmente de castelanismos.<br><br><br><br><br><br>- Avaliará a capacidade de recoñecer as características lingüísticas en textos xornalísticos da época e a deducir o contexto histórico a partir de textos literarios ambientados nesas épocas.<br><br>- Avaliará o coñecemento adquirido. |
| | LGB4.2.2. Recoñece as interferencias lingüísticas no galego, con especial atención aos castelanismos e desenvolve un discurso propio libre destes elementos. | CCL<br>CCEC | | |
| B4.3. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1916 ata 1978, describir o seu contexto e identificalo en textos. | LGB4.3.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1916 ata 1978). | CCL | | |
| | LGB4.3.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno (desde 1916 ata 1978), así como a súa situación sociolingüística. | CCL<br>CSC | | |
| | LGB4.3.3. Diferencia e describe as etapas que podemos establecer entre 1916 e 1978 desde o punto de vista sociolingüístico. | CCL | | |
| | LGB4.3.4. Analiza a importancia da etapa | CCL<br>CSC | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1916-1978 no desenvolvemento posterior da lingua. | | - Rúbrica do traballo de clase<br><br>- Tema escrito: proba obxectiva.<br><br>- Rúbrica do traballo de campo | - Avaliará a localización do marco legal do galego nos textos xurídicos que correspondan e a realización dun esquema das características lingüísticas desta etapa.<br><br>- Avaliiará os coñecementos adquiridos.<br><br>- Avaliará o recoñecemento do galego como liingua en vías de normalización e a valoración das súas fortalezas e debilidades. |
| | LGB4.3.5. Identifica o galego moderno (desde 1916 ata 1978) en documentos non literarios e literarios. | CCL | | |
| B4.4. Distinguir as características lingüísticas fundamentais do galego moderno desde 1978 ata a actualidade e identificalo en textos, describir o seu contexto e a situación legal, recoñecelo como unha lingua en vías de normalización e elaborar traballos sobre a historia da lingua. | LGB4.4.1. Distingue as características lingüísticas fundamentais do galego moderno (desde 1978 ata a actualidade). | CCL | | |
| | LGB4.4.2. Describe o contexto histórico e cultural do galego moderno desde 1978 ata a actualidade, así como a súa situación sociolingüística. | CCL<br>CSC | | |
| | LGB4.4.3. Analiza a importancia da etapa | CCL<br>CSC | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | desde 1978 ata a actualidade no desenvolvemento do galego. | | | |
| | LGB4.4.4. Recoñece o galego como unha lingua en vías de normalización e sinala as súas fortalezas e debilidades. | CCL CSC | | |
| | LGB4.4.5. Sinala as principais características lingüísticas en documentos non literarios e literarios desde 1978 ata a actualidade. | CCL | | |
| B4.5. Elaborar unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | LGB4.5.1. Elabora unha descrición esquemática na que se detallen as diferentes etapas da historia da lingua galega e as súas principais características. | CCL | | |
| B4.6. Analizar e interpretar a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | LGB4.6.1. Analiza e interpreta a evolución da conciencia lingüística na historia da lingua galega. | CCL CSC | | |
| Bloque 5. A literatura. | | | | |
| B5.1. Identificar, analizar e describir a literatura | LGB5.1.1. Identifica, analiza e describe a | CCL | Rúbrica do traballo de clase | Avalíase que o alumnado lea, interprete, analice e valore con |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| galega de 1916 a 1936:<br>Poesía: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as.<br>Prosa: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as.<br>Teatro: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | poesía galega de 1916 a 1936: autores/as de Vangarda e outros/as autores/as. | | | espírito crítico textos de cada etapa utilizando coñecementos históricos e de análise de texto literario (xénero, estrutura, temática, recursos formais).<br><br>Avalíase a elaboración de esquemas coas características e os autores máis destacados da poesía, a prosa e o teatro de cada unha das tres etapas establecidas |
| | LGB5.1.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, o Grupo Nós (narrativa e ensaio) e outros/as autores/as. | CCL | Probas escritas obxectivas | Avaliarán a capacidade para identificar, analizar e describir a poesía, a prosa e o teatro de cada unha das tres etapas establecidas, establecendo as características e os autores máis destacados. |
| | LGB5.1.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1916 a 1936: autores/as das Irmandades, Vangardas e Grupo Nós. | CCL | | Avaliará a capacidade de análise e comentario a partir da lectura dunha obra completa de cada un dos tres períodos establecidos |
| B5.2. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1916 a 1936, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en | LGB5.2.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en | CCL | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | | |
| | LGB5.2.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | |
| | LGB5.2.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1916 a 1936, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | |
| B5.3. Identificar, analizar e describir a literatura galega entre 1936 e 1975: Poesía: produción bélica e autores/as do exilio. A Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas | LGB5.3.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega entre 1936 e 1975: produción bélica e autores/as do exilio, a Xeración de 1936, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas | CCL | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Minervais.<br>Prosa: produción bélica e autores/as do exilio. Os renovadores da prosa: Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas. A Nova Narrativa Galega. Autores/as dos primeiros 70.<br>Teatro: o teatro do exilio, a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | Minervais. | | | |
| | LGB5.3.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega entre 1936 e 1975: produción bélica e os autores do exilio, os renovadores da prosa (Ánxel Fole, Eduardo Blanco-Amor, Álvaro Cunqueiro e Xosé Neira Vilas) así como A Nova Narrativa Galega e autores/as dos primeiros 70. | CCL | | |
| | LGB5.3.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego entre 1936 e 1975: teatro do exilio, a | CCL | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia. | | | |
| B5.4. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1936 a 1975, identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.4.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | |
| | LGB5.4.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | |
| | LGB5.4.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1936 a 1975, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| B5.5. Identificar, analizar e describir a literatura galega de 1975 ata a actualidade:<br>Poesía: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>Prosa: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século.<br>Teatro: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | LGB5.5.1. Identifica, analiza e describe a poesía galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | CCL | | |
| | LGB5.5.2. Identifica, analiza e describe a prosa galega de 1975 ata a actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | CCL | | |
| | LGB5.5.3. Identifica, analiza e describe o teatro galego de 1975 ata a | CCL | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | actualidade: temas, xéneros e subxéneros, e estéticas dos/das principais autores/as dos 80, os 90 e o novo século. | | | |
| B5.6. Ler e comentar textos significativos da literatura galega de 1975 á actualidade identificar as súas características temáticas e formais e poñelas en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico e mais o xénero ao que pertencen. | LGB5.6.1. Le e comenta textos representativos da poesía galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | |
| | LGB5.6.2. Le e comenta textos representativos da prosa galega de 1975 á actualidade, caracterízaos formal, estrutural e tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | CCL | | |
| | LGB5.6.3. Le e comenta textos representativos do teatro galego de 1975 ata a actualidade, caracterízaos formal, estrutural e | CCL | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | tematicamente e ponos en relación co contexto sociohistórico e sociolingüístico. | | | |
| B5.7. Analizar e comentar, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | LGB5.7.1. Analiza e comenta, a través de probas escritas ou traballos, cando menos unha obra completa de cada un dos períodos literarios referidos. | CCL | | |

## 5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN, INSTRUMENTOS DE AVALIACION E CRITERIOS DE CORRECCIÓN

En canto aos procedementos de avaliación,  o profesorado de 2º bacharelato utilizará probas obxectivas orais -interaccións orais- (relacionadas co contido das lecturas feitas, relacionadas coa expresión oral de diferente tipoloxía textual)  e escritas (relacionadas cos distintos contidos curriculares), ademais do traballo realizado na clase (participación nas actividades feitas na aula) e na casa (diario sociolingüístico, traballo de investigación).

De non alcanzaren os obxectivos na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria  haberá unha única proba escrita de carácter obxectivo semellante ás realizadas ao longo do curso, a cal acudirá o alumnado para examinarse de toda a materia.

Na cualificación final influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno e da alumna, a comprensión lectora e a capacidade para producir textos orais e escritos de diversa índole, a reflexión e comprensión crítica da historia da lingua e a literatura galega ao longo do século XX e da problemática sociolingüística actual e a competencia para realizar traballos de investigación.. A realización de lecturas optativas e traballos con carácter voluntario por parte do alumnado será tida en conta na súa cualificación final.

O profesorado de 2º Bacharelato  fará unha avaliación continua do alumnado a través dos seguintes instrumentos de avaliación:

Probas escritas nos que demostre coñecementos solventes e suficientes sobre a construción de textos (lectura, comprensión, análise e comentario), fonética, morfosintaxe e léxico-semántica, así como sobre a historia da lingua galega desde 1916 ata a actualidade, e sobre as etapas da literatura galega, recoñecendo obras e autores e as características máis salientables de cada época, obra e autor.

Rúbricas para avaliar o seu dominio da lingua oral e escrita así como a súa capacidade de análise crítica.

Verificación da ntrega dos exercicios escritos que se lle indiquen.
Rúbrica para a avaliar os traballos de investigación desenvolvidos.

Polo que fai referencia aos criterios de corrección empregados, o profesorado de 2º Bacharelato terá en conta os seguintes:

-Nas probas escritas obxectivas a puntuación coa que se valora pregunta aparecerá recollida na propia proba. En toda a proba terase en conta a corrección ortográfica de tal xeito que os erros poderán descontar até un máximo de 2 puntos sobre a cualificación global. O cálculo levarase a cabo segundo a seguinte clasificación:
• Moi graves: solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación dos clíticos, etc. Descontaranse 0,2 puntos por cada un.
• Graves: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (b/v, h, y, etc.) e acentuación diacrítica. Descontaranse 0,1 punto por cada un.
• Leves: solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontaranse 0,05 puntos por cada un.

-Os traballos e exercicios que se pidan na clase ou para realizar na casa, fundamentalmente elaboración de textos de diferente tipoloxía textual valoraranse atendendo as distintas propiedades textuais (adecuación, coherencia, cohesión, presentación) pero tamén se terán en conta a corrección ortográfica e gramatical e maila puntuación (coas mesmas penalizacións por erros ca nas probas escritas).
-Nas probas orais valorarase a fluidez, dicción, corrección gramatical, léxico empregado, a expresividade amosada, así como a inclusión dos aspectos máis relevantes do traballo, a explicación do plan de traballo, os recursos didácticos empregados e mailo tempo empregado na exposición.
-Nos traballos de investigación valorarase a súa capacidade para recoller información e analizala chegando a unhas conclusións.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O profesorado usará os seguintes criterios de cualificación para valorar se o alumnado acada unha cualificación positiva nesta materia:
Valoraranse os distintos bloques de contidos: comunicación escrita e oral (40 %), funcionamento da lingua (20 %), lingua e sociedade (20 %) e educación literaria (20 %).

Para aprobar a materia o alumnado deberá amosar unha competencia suficiente en cada un dos distintos bloques de contidos enunciados.

7. PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR OS COÑECEMENTOS PREVIOS E OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NOS CONTIDOS PROGRESIVOS.

O profesorado realizará, se o considera necesario, unha avaliación inicial, ao principio de curso. Estará deseñada, no caso de facela, para detectar as dificultades individuais e colectivas relacionadas coa materia de Lingua Galega e Literatura. Ao mesmo tempo, procurará descubrir tamén as potencialidades do alumnado, as súas calidades, preferencias e afeccións para aproveitalas e poñelas en relación coa metodoloxía e ao servizo do éxito das actividades que se desenvolvan.

Esta avaliación inicial constaría de varias partes que contemplarán a expresión oral, a fluidez e comprensión lectora, a expresión escrita e os aspectos referidos á historia da literatura, ao coñecemento da lingua e á sociolingüística que o profesor ache convenientes. Co este fin non se realizaría unha única proba, senón que se desenvolverían unha serie de actividades durante as primeiras sesións do mes de setembro. No deseño das mesmas non poderá faltar unha sesión de presentación oral dos integrantes do grupo-clase e a lectura en voz alta de algún texto que posteriormente servirá para traballar a comprensión e expresión escrita e outros aspectos.

Esta avaliación inicial debería servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias para o alumnado e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo. Tamén serviría para diagnosticar posibles problemas individuais e deseñar as medidas de atención á diversidade que se consideren oportunas e factibles dentro da organización docente do centro.

Os procedementos para acreditar os coñecementos necesarios nos contidos progresivos son os seguintes:

Análise da estrutura e as partes en diferentes textos expositivo-argumentativos.

Análise, nestes mesmos textos, da coherencia e dos mecanismos de cohesión.

Análise e elaboración de comentarios críticos.

Elaboración de textos narrativos e descritivos escritos con adecuación, coherencia e corrección.

Análise de textos poéticos, narrativos, conversacionais e expositivo-argumentativos desde o punto de vista léxico-semántico e morfosintáctico.

Análise da organización e da cohesión textual deses mesmos textos.

Participación en exposicións e debates, previa planificación, tendo en conta as técnicas propias deles e as normas que os rexen.

Saídas ao teatro sempre que sexa posíbel para que valoren por eles mesmos a importancia de todos os elementos a ter en conta: texto, interpretación, iluminación, son, decorados... Posta en común na clase das súas impresións.

Comprensión das distintas variedades lingüísticas do idioma galego.

Pola súa parte, os procedementos para acreditar os coñecementos necesarios nos contidos non progresivos son os seguintes:

Análise das distintas etapas da literatura galega desde 1916 ata a actualidade, comprendendo os factores que condicionaron a situación da lingua galega.

Lectura comprensiva e comentario de textos literarios dos diferentes períodos. Recoñecemento dos elementos da comunicación e da intención comunicativa en textos literarios.

Recoñecemento e identificación do substantivo e das súas flexións e tipoloxías.

Recoñecemento e identificación do adxectivo e das súas variantes principais.

Coñecemento das distintas formas pronominais, da súa forma e flexións e do seu uso e valores especiais.

Estudo e análise do verbo: estrutura, flexións...

Análise das formas nominais e das perífrases: flexións, usos, valores...

Identificación dos principais adverbios, preposicións e conxuncións, e da súa clasificación e usos.

Lectura e comentario de textos que expliquen

8. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES

Para poder ser avaliado o alumnado terá que ter superada a materia de Lingua Galega e Literatura de 1º. Se promocionou a 2º con ela suspensa deberá aprobar os contidos de 1º nas probas que se realizaran en cada unha das tres avaliacións do curso.

Terá que superar a materia de Lingua Galega e Literatura de 2º nas tres avaliacións trimestrais. Para o alumnado que non superase a materia dalgún dos trimestres de 2º de Bacharelato, dado que se trata de contidos progresivos, realizaranse ao longo de todo o curso actividades e probas orais e/ou escritas que lle permitirán ir recuperando o que teña suspenso. No caso de que non o consiga, poderá realizar unha recuperación final en maio na que deberá demostrar que domina os contidos mínimos. De non superala, presentarase á convocatoria extraordinaria, a unha única proba.

Esixiráselle ao alumnado de 2º Bacharelato o dominio dos contidos referentes a lingua e texto correspondentes a 1º de Bacharelato. Aínda así, facilitarase material, resolveranse dúbidas e realizaranse exercicios prácticos que axudarán ao alumnado que teña a materia pendente. En canto á historia da lingua e a literatura, propoñerase ao alumnado pendente a realización de comentarios guiados que deberá realizar na súa casa e entregar no prazo establecido. O profesorado falará co alumnado suspenso, orientando o seu estudo e permanecerá á súa disposición para solucionar todas aquelas dúbidas que o alumnado poida ter.

## 9. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía didáctica en Bacharelato debe favorecer a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e para aplicar os métodos apropiados de investigación e tamén debe subliñar a relación dos aspectos teóricos das materias coas súas aplicacións prácticas.

En Bacharelato, a relativa especialización das materias determina que a metodoloxía didáctica estea fortemente condicionada polo compoñente epistemolóxico de cada materia e polas esixencias do tipo de coñecemento propio de cada unha.

Ademais, a finalidade propedéutica e orientadora da etapa esixe o traballo con metodoloxías específicas e que estas comporten un importante grao de rigor científico e de desenvolvemento de capacidades intelectuais de certo nivel.

## 10. CRITERIOS METODOLÓXICOS

-. Adecuación das actividades á madureza do alumnado nesta etapa educativa.
-. Diversidade de propostas e actividades que responden aos modos diferentes de aprendizaxes.
-. Integración do aprendido a través da interdisciplinariedade.
-. Desenvolvemento das capacidades cognitivas do alumnado.
-. Organización e precisión en contidos teóricos e actividades prácticas.
- Aprendizaxe autónoma dos estudantes.
-. Secuenciación pautada da aprendizaxe práctica.
-. Participación activa do alumnado na aprendizaxe individual e en grupo.
-. Fomento do interese pola aprendizaxe.
-. Uso funcional da lingua.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os estudantes manifestan unha gran diversidade de intereses, motivacións, capacidades e estilos de aprendizaxe. Hai estudantes reflexivos (deténense na análise dun problema) e estudantes impulsivos (responden moi rapidamente); estudantes analíticos (pasan lentamente das partes ao todo) e estudantes sintéticos (abordan o tema desde a globalidade); uns traballan durante períodos longos e outros necesitan descansos; algúns necesitan un reforzo continuo e outros non; hainos que prefiren traballar sós e hainos que prefiren traballar en pequeno ou gran grupo.

Propóñense as seguintes medidas para dar resposta á diversidade:

-Detectar as ideas previas mediante, por exemplo, diálogos na aula ou debates, que permitirán que o docente coñeza aos estudantes e eles, a si mesmos.

-Repasar as nocións estudadas con regularidade e resolver os problemas detectados.

-Realizar numerosas e diversas actividades que combinen as resolucións individuais e en pequeno e gran grupo, e a oralidade e o escrito.

-Utilizar recursos gráficos, dixitais, audicións, vídeos, mapas, etc.

O Departamento de Lingua e Literatura Galega participará, sempre que sexa posíbel e o permita a dispoñibilidade horaria do profesorado adscrito ao mesmo, no proceso de atención á diversidade a través das clases de reforzo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Así mesmo, favorecerá a implantación e funcionamento de todas as medidas que dentro da organización académica do centro se poidan levar a cabo para atender as necesidades do alumnado que presente retraso académico. As actividades desenvolvidas contarán coa correspondente avaliación continua das aprendizaxes.

## 12. PROGRAMACIÓN DA EDUCACIÓN EN VALORES A TRAVÉS DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS TRABALLADOS

A materia de Lingua galega e Literatura é unha disciplina privilexiada para o traballo dos elementos transversais. Prima as actividades de comprensión lectora, a expresión oral e escrita, de comunicación audiovisual, coas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas imprescindibles para o proceso de ensino-aprendizaxe.

As actividades relacionadas coa sociolingüística e a literatura son favorecedoras do emprendemento e a educación cívica. A igualdade efectiva entre as persoas e a non discriminación por calquera circunstancia social ou persoal ten os seus mecanismos de aprendizaxe nas mesmas estratexias da análise sociolingüística. Ademais, as actividades propostas nos Apuntamentos favorecen a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

O coñecemento e a análise da situación sociolingüística e das diferentes etapas da historia da lingua e da literatura promoven a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e a non discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A organización e o desenvolvemento curricular da materia de Lingua galega e Literatura procura a participación do alumnado en actividades que lle permitan afianzar aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico. Referímonos a actividades como recitais, representacións teatrais, debates, concursos de contacontos, xornadas sobre aspectos culturais, clubs de lectura, revistas e publicacións, etc.
Estas mesmas actividades favorecen o desenvolvemento da convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía, que servirán para solucionar con éxito situacións de conflito no ámbito escolar, familiar e social en xeral, ao mesmo tempo que contribúen a exercitar destrezas e adquirir valores que tenden a previr e evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

1ª avaliación:
Lectura de poetas actuais, dunha selección de relatos da literatura actual e representación dunha obra de teatro galego actual.
2ª avaliación:
Selección de textos da literatura do 1º terzo do século XX: poesía, relato e novela e teatro.
3ª Avaliación:
BLANCO AMOR, A esmorga; selección de textos da literatura da posguerra: poesía, relato e novela e teatro.
Ofértanselle ademais ao alumnado unha lista aberta de lecturas optativas dos xéneros poético, narrativo e teatral, da literatura galega do século XX que poderá incrementarse a medida que se vaian editando novos títulos, sobre as que o alumnado pode realizar traballos opcionais que serán tidos en conta na avaliación do rendemento académico de cada alumno ou alumna.

Preténdese fomentar no alumnado a lectura de obras literarias elixidas de xeito que a súa localización temporal coincida co período histórico da literatura galega que se está a estudar en cada trimestre, o que ademais lle servirá ao alumando de base para o coñecemento e espallamento da nosa cultura literaria e asemade mellorar a súa comprensión lectora.
Articúlanse numerosas actividades no contexto da clase para o alumando poida desenvolver os contidos deste curso e nivel , en base á lectura, comentario e comprensión crítica de textos literarios.
Contémplase a posibilidade de realización por parte do alumnado de lecturas en voz alta, de recitados e a lecturas dramatizadas como estratexias para fomentar a aprendizaxe lectora. Contémplanse tamén a realización de actividades arredor de datas referenciais para a lectura como o Día das Letras Galegas, o Día do Libro etc., así como a realización de exposicións, a asistencia a representacións teatrais, a visita de escritores e escritoras autores dalgún dos libros de lectura propostos ao Centro, e, de ser posible, a visita á redacción dun xornal ou á sede dunha editora etc. Tratarán de aproveitarse os recursos da Biblioteca, de xeito que, por exemplo, a práctica totalidade das obras de lectura propostas, tanto obrigatorias como voluntarias, estean a disposición do alumnado nesa dependencia. Do mesmo xeito, potenciarase o uso da biblioteca como

centro de documentación a disposición do alumnado para preparar traballos, facer consultas, obter datos etc. relacionados coa materia de Lingua e Literatura Galegas de 2º Bacharelato. Así mesmo, incentivarase a participación do alumnado no club de lectura que organiza a Biblioteca do centro, e naquelas outras actividades que a mesma leva a cabo ao longo do curso (troco de libros, visitas de autores...)

## 14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Entre as accións propostas para o emprego dos TIC na materia de Lingua e Literatura Galega de 2º de Bacharelato sinálanse as seguintes:

*a exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación.

*a narración oral coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC a partir dun guión preparado previamente, incluíndo descricións sinxelas, ideas e valoracións relativas aos feitos expostos.

*a participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, breve exposición de traballos coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, informes sobre as tarefas realizadas...);

*a composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como instrucións e normas, mensaxes de chat (charla) ou de correo electrónico, intervencións en foros e blogues etc.;

*o uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos etc.;

*a comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídos sitios web educativos e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes); etc.

*traballos de investigfación sobre a situación do galego nas redes sociais.

## 15. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materias e recursos didácticos que se van empregar son apuntamentos e exercicios proporcionados polo profesor. Tamén se usarán materiais didácticos relacionados coas novas tecnoloxías: vídeos, fotografías, libros de consulta (dicionario, gramática histórica, atlas histórico, ), mapas lingüísticos, láminas, etc.

Ademais deste material curricular o alumnado terá que facerse cos libros de lectura, tanto os obrigatorios coma os opcionais, propostos para cada avaliación.

## 16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O alumnado de 2º Bacharelato asistirá a conferencias, representacións teatrais, proxeccións cinematográficas, recitais poéticos,... organizados tanto polo Departamento como polas distintas entidades culturais públicas ou privadas de Cangas ou das cidades próximas.

## 17. PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Para o seguimento da propia Programación Didáctica levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

A principios do mesmo, a observación inicial do alumnado ofrecerá uns valiosos datos para modificar os aspectos da presente Programación Didáctica que se consideren oportunos, co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará. Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do desenvolvemento da mesma. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da presente Programación Didáctica será o final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados globais do alumnado. Para que a avaliación sexa máis completa, terase en conta o grao de satisfacción do profesorado coa mesma. Deste proceso avaliativo extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente aqueles en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

Todas as valoracións serán comunicadas ao Departamento de Lingua Galega e Literatura nas reunións ás que sexa convocado. Os acordos quedarán reflectidos nas actas de reunión do Departamento para que sexan tidos en conta para a programación do vindeiro curso.

### 17.1. Metodoloxía en caso de ensino a distancia

Desde o inicio de curso, en 1º de BACH promóvese a Aula Virtual do IES de Rodeira como espazo de referencia da materia. Nesta plataforma educativa o alumnado dispón dos contidos principais seguintes:

- Información permanente sobre a materia (criterios de avaliación, bloques de contidos, etc.)
- Anuncio de datas importantes (probas, entregas de traballos, exames, etc.)

- Recursos (apuntamentos, exercicios, material exposto nas aulas, enlaces web, referencias, e outro material de consulta ou descarga variado)
- Instrucións de traballos de aula (tarefas trimestrais, traballos de lectura, etc.) con posibilidade de entrega por esta vía.
- Información básica (criterios de corrección e avaliación, programación de contidos, datas das probas, etc.)
- Descarga de apuntamentos e esquemas, contacto co profesorado e o resto dos compañeiros/as de clase, etc.

Se se producise unha situación que requira aplicar unha metodoloxía de ensino a distancia, desde esta materia seguirase a que se indica a continuación:

- Seguimento das indicacións que o centro estableza de acordo co Plan de continxencia Covid.
- Programación do desenvolvemento de contidos para o tempo de duración estimado da docencia a distancia.
- Envío dun informe ao alumnado en que se detalle esta programación, relacionando contidos, temporalización, recursos necesarios, actividades, criterios de corrección e avaliación, etc.
- Realización de sesións a distancia. Establecerase un horario de acordo co centro para impartir a docencia a través de sesións telemáticas destinadas a explicar contidos teóricos, resolver dúbidas, propoñer tarefas, etc. Empregaranse os recursos dispoñibles que ofreza a propia Consellería (Webex Meetings, GSuite, etc.).
- Continuidade do emprego da Aula Virtual como canle de comunicación de referencia. Durante o período de suspensión das clases, desde esta plataforma proporanse periodicamente as tarefas previstas xunto co material teórico de apoio necesario e a referencia ás páxinas do libro de texto para consulta.
  - O profesorado prepara o material preciso, sóbeo ao apartado Actividades para o período de suspensión de clases e emprega o Foro de avisos da aula virtual para enviar de xeito masivo ao conxunto do alumnado un correo electrónico que anuncia a tarefa, prazos, etc., ademais de advertilo nas propias sesións periódicas a distancia.
  - O profesorado activa tamén un evento no calendario da propia aula virtual. No prazo de tempo sinalado na temporalización, o alumnado debe acceder á aula, descargar as instrucións, repasar os contidos teóricos, e realizar e entregar as actividades, ben sexa a través da aula virtual, ben sexa por medio do correo electrónico ou por exposición oral mediante videoconferencia.
  - Rematado cada prazo, póñense a disposición do alumnado as solucións de cada bloque de actividades no espazo Solucionario das actividades e comunícase ao alumnado a través do foro.
  - En caso de dúbidas, o alumnado contacta co profesorado empregando a mensaxería interna da propia aula virtual ou o correo electrónico, alén de empregar as sesións periódicas por videoconferencia.
- Tipos de actividades específicas para a situación a distancia:

- Actividades de repaso e reforzo: organizadas por bloques de contidos ou unidades, permiten desenvolver aqueles aspectos importantes do curso (gramática, comprensión e expresión escrita, comentario crítico e literario, etc.). Propóñense coa suficiente antelación ao alumnado para seren entregadas dentro dun prazo establecido. Inclúen as instrucións para a súa realización e a referencia concreta á unidade ou páxina do libro de texto onde poder atopar as nocións teóricas necesarias.
- Actividades de recuperación: traballan os aspectos imprescindibles da materia de xeito simplificado. Propóñense en función do número de trimestres suspensos, e poderán consistir, segundo o caso, en resumos, comentarios, cuestionarios, etc.
- Actividades voluntarias. Son actividades de diverso tipo (mellora da comprensión e expresión escrita, repaso de gramática, comentarios literarios e críticos, etc.) propostas para o perfeccionamento de contidos moi concretos da materia. Recomendado especialmente a alumnado aprobado con interese por incrementar a nota final.

17.2. Alumnado que non poida seguir unha ensinanza telemática

O IES de Rodeira, en aplicación do Plan de Ensino Online, elaborou un censo daquelas persoas que poidan ter algunha dificultade á hora de seguir una ensinanza telemática. Chegado o momento dun posible confinamento, para estes casos prevese a entrega de equipos portátiles con conexión a internet que permitan o seguimento das clases a distancia, o acceso á Aula virtual desde os fogares e o emprego doutras aplicacións que se poidan requirir desde as distintas materias. Se aínda así existise alumnado que non puidese seguir una ensinanza telemática, desde esta materia abrimos a posibilidade de conectar con el mediante outros procedementos que se poidan decidir no centro, ou poñer en práctica outros, como por exemplo:

- Mensaxería: creación dun caderno de actividades ao inicio do período de suspensión con recollida programada no centro ou con envío a domicilio (mensaxería). Seguimento e atención de dúbidas vía telefónica (a través de titoría ou directamente coas familias). Recollida de cadernos pasado o prazo fixado (sexa ao final do trimestre, quincena, etc., tamén mediante mensaxería).
- Telefonía móbil: envío periódico de PDF/imaxes con propostas a través de aplicacións (tipo Telegram ou similares) aos responsables do alumno/a. Contacto periódico (mesmo videochamadas) e recepción de tarefas a través da aplicación móbil.

17.3. Mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso por parte do alumnado

Para asegurar o seguimento continuo do curso atenderanse os mecanismos que o centro establece de acordo co seu propio regulamento e outros plans que poidan estar vixentes (plan de continxencia Covid, plan de absentismo, etc.). Ademais, desde a materia prevense os seguintes mecanismos:

- Docencia presencial. O centro establece un protocolo diario para comprobar a asistencia do alumnado á aula, con informe a titoría no caso de observar ausencias repetidas para a súa comunicación ás familias e tomar as medidas preceptivas. Desde a propia materia tamén se reserva unha porcentaxe da nota final (10 %) para estimular tanto a participación como a realización de tarefas na aula, o que permite dalgunha forma realizar e asegurar un seguimento continuo e obxectivo do curso por parte do alumnado. A petición de tarefas periodicamente e a realización de probas parciais permite ofrecer tamén unha valoración desta evolución do alumnado.
- Docencia a distancia. Alén dos mecanismos que estableza o centro, que serán de aplicación tamén nesta materia, para asegurar o seguimento continuo do curso por parte do alumnado empregaremos os métodos seguintes: comprobar a asistencia diaria e valorar o grao de participación do alumnado nas sesións a distancia; comprobar as entregas periódicas e o grao de corrección das tarefas requiridas; observar o rexistro de conexións que realiza o alumnado á aula virtual, comprobable a través da propia aplicación; propoñer test de autoavaliación e outras probas periódicas en datas pechadas e configuradas con seguridade (aceso restrinxido, limitado temporalmente, navegación controlada, etc.), etc.